

EXAMES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Curso 2017/2018

CASO 673/450 Data 12/09/2017

Reclamante: Alumno	Motivo	Por motivos laborais e por segundo ano consecutivo non pode acudir á avaliación continua dunha materia para a que considera que está formado pola propia práctica do traballo laboral que está a desenvolver e que lle impide a asistencia ás clases. De non asistir ás prácticas no centro os profesores non lle permiten examinarse en ningunha das dúas oportunidades de avaliación.
Inicio: 12/09/2017		
Remate: 11/10/2017		
	Actuacións	Dirección do centro e dirección do departamento.
	Resolución	Procédese a unha reunión conxunta coa dirección do centro e a dirección do departamento para analizar a situación no marco dos dereitos do alumnado a compaxinar os seus estudos coa vida laboral e no das posibilidades de recoñecemento de créditos por actividades laborais e profesionais, sen que se vexa afectado o nivel de esixencia dos coñecementos e competencias na materia. O alumno non se chegara a matricular a tempo parcial porque na guía docente non se prevía ningunha alternativa para ese réxime de dedicación ao estudo. A dispensa de asistencia a clases e a posibilidade de examinarse parecían a opción máis rápida e razoable e tanto a dirección do centro como a do departamento, coñecedores da materia e da situación do alumno, amósanse conformes cunha solución dese tipo. Quedaron en falalo co profesorado da materia e así o fixeron ata chegar ao acordo de que o alumno, ao ter unha experiencia acreditada, podería presentarse ao exame da segunda oportunidade de avaliación sen ter que acudir ás prácticas. O director do centro comunicame que, a partir do próximo curso, este tipo de circunstancias se recollería nas guías docentes das materias. O 11/10/2017 informamos dos resultados das xestións ao interesado.

CASO 691/468 Data 01/02/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	Considera vulnerado o seu dereito á realización das adaptacións ditas pola Unidade de Atención á Diversidade (ADI), pois a profesora dunha materia considerou como "Non presentado" un traballo por facelo fóra do prazo, sen ter en conta as súas adaptacións nin as súas necesidades. Manifesta que entregou o traballo cando a profesora llo solicitou e que esta decidiu non corríxirlllo despois de ver que estaba feito.
Inicio: 02/02/2018		
Remate: 27/02/2018		
	Actuacións	Profesora da materia e ADI.
	Resolución	Tras solicitar información de todas as partes implicadas e analizar a fondo o caso, manifestando reiteradamente o interesado razóns de incumprimento de adaptacións (exceso de carga lectiva continuada, comezo tardío das prácticas por falla de adaptacións, falla de información na plataforma Moodle, non ampliación de prazo para a achega do traballo), elabórase un detallado informe cuxas consideracións finais se recollen a continuación: <u>Consideracións finais</u> A meu entender, o asunto de se o alumno *** ten dereito ou non a que a profesora de Estadías Clínicas ***, ***, lle corrixa o seu traballo para poder superar a materia na 1.ª oportunidade de avaliación debería dirimirse poñendo o foco nas seguintes cuestións: I. A existencia ou non dunha guía docente completa na que se recollan adecuadamente a metodoloxía docente e os

criterios de avaliación; **II.** A existencia ou non da documentación e información adicional que sexan precisas para que o alumnado estea convenientemente informado de todo o relativo á preparación e á presentación do traballo; **III.** A accesibilidade a todo ese tipo de información e documentación, contemplando, de ser preciso, as dificultades que poderían presentárselle especificamente ao alumno por mor da súa discapacidade; **IV.** A necesidade ou non de ter concluído o rotatorio para poder preparar e defender adecuadamente o traballo; **V.** A necesidade ou non de adaptacións específicas e, de ser o caso, a súa posta en práctica para facilitar/posibilitar a realización e a defensa do traballo, en función da discapacidade do alumno; **VI.** O cumprimento ou non dos acordos contraídos polas partes a respecto da realización e defensa do traballo.

Da análise de toda a información e a documentación que se inclúen neste informe e da que aparece publicada na páxina web do centro, cabe concluír:

I. A guía docente da materia Estadias Clínicas *** ofrece un nivel de información suficiente e homologable, tanto en contido como en calidade, ao que se recolle nas guías docentes que se aproban na maioría dos departamentos da Universidade da Coruña.

II. A información e a documentación adicional que se proporcionan vía web, correo electrónico e presentación na aula, constitúen un conxunto de elementos que parecen suficientes para afrontar a realización e a presentación do traballo.

III. Calquera alumno con posibilidades de acceso á rede, como é o caso do interesado, dispón de toda a información que precisa en relación coa preparación e a presentación do traballo, sen necesidade de que lle sexa proporcionada, ademais, a través da plataforma Moodle.

IV. Dado que o estudante desenvolve o seu traballo sobre un caso clínico real da actividade profesional para comprender a situación e desenvolver as intervencións precisas e alcanzar os resultados establecidos con base no dito caso, o feito de non ter completado todo o rotatorio non impide a súa realización e defensa. A propia guía docente recolle nos criterios de avaliación que a súa presentación é obrigatoria, ao tempo que considera nas observacións sobre avaliación que as ausencias xustificadas ás prácticas clínicas serán recuperadas ao remate dos rotatorios establecidos, antes do peche de actas. Aínda así, non cabe dúbida de que, a pesar de que o traballo se efectúe sobre un caso clínico xa realizado, os coñecementos adquiridos ao longo de todo o rotatorio poden axudar a mellorar a súa presentación. Porén, nos correos intercambiados entre alumno e profesora do 30/10/2017 ao 02/11/2017 apréciase que o alumno estaba disposto a presentar o seu traballo sen cuestionar para nada este extremo.

V. A preparación do traballo e a súa presentación pública requiren dun tempo de dedicación que, aínda que non parece moi elevado, podería resultar substancial para quen, como o interesado, ten un tempo de dedicación ao estudo notablemente limitado por razón da súa propia discapacidade. Porén, a flexibilidade acordada coa profesora de poder presentar o traballo en calquera das catro sesións previstas (entre o 11/10/2017 e o 14/12/2017) parece suficiente e xusta para cumprir axeitadamente cos criterios de avaliación da 1.ª oportunidade, gardando o necesario equilibrio entre os dereitos e os deberes de todo o alumnado. A cadea de correos electrónicos intercambiados entre a profesora e o alumno os días 30/10/2017 a 01/11/2017 constitúe unha proba clara de que o alumno *** non precisaba de ler ningún dos tres correos electrónicos que a profesora lle enviou entre os días 02/12/2017 e 14/12/2017 para lembrarlle a última data dispoñible para presentar o seu traballo, e moito menos aínda que precisase de que a profesora o chamase ou o buscase para comunicarllo

verbalmente ante a falla de resposta pola súa parte. Malia á fatiga e ao estrés que o alumno manifesta ter sufrido, si estaba dispoñible para que a profesora se comunicase verbalmente con el, custa entender que non tivese un momento para contactar el coa profesora e explicarlle as razóns polas que precisaba de máis tempo que o acordado para preparar o seu traballo, a pesar de que no seu correo do 30/10/2017 lle deu a entender que estaba listo para presentalo tres días despois (sesión do 02/11/2017). Cómpre salientar que a fatiga e o estrés que o alumno manifesta como causa pola que non puido ler os correos da profesora entre o 02/12/2017 e o 14/12/2017 non lle impediron dedicar un tempo á presentación dunha queixa ante outro organismo o 11/12/2017, como puiden comprobar nun documento que o propio interesado me enviou o 26/02/2017.

VI. Parece claro que os acordos sobre as datas de presentación e defensa do traballo se incumpriron unilateralmente por parte do alumno. O propio alumno reconece abertamente as facilidades que lle proporciona a profesora (correo do 17/12/2017: "...y siendo conocedor de que tu no me has puesto ningún problema y me has facilitado estas cuestiones... "...Estos problemas no son contigo ni con ***, que habeis sido las únicas que habeis tenido sensibilidad con el tema, cosa que os agradezco..."), polo que sorprende o modo en que este se dirixe á profesora no seu correo do 31/01/2018, tras comunicarlle ela que non acepta avaliarlle o traballo fóra de prazo.

Cando menos, no que se refire á cuestión concreta que foi sometida á miña consideración (prazos para a presentación do traballo correspondente á materia Estadías Clínicas ***), entendo que o proceder da profesora foi o correcto. Non cabe dúbida de que uns horarios perfectamente adaptados á discapacidade do alumno o axudarían a compatibilizar o seguimento de todas as materias en que está matriculado no 1.º cuatrimestre. Porén, esta é unha valoración que, chegado o caso, habería que facer tomando en consideración diversos e importantes parámetros como: a) A oferta de centros existente para a realización das estadías; b) As posibilidades reais de adaptacións horarias de acordo coa propia dinámica de funcionamento do centro en que se realizan as prácticas; c) O número de horas e os días da semana que o alumno ten condicionados polo tratamento médico que precisa; d) O número total de créditos e o tipo de materias en que o alumno está matriculado no cuatrimestre; e e) As adaptacións que realmente está a considerar a Escola e o seu profesorado para atender, do mellor modo posible e en función de todos estes condicionamentos, aos dereitos que asisten ao alumno por mor da súa concreta discapacidade.

Curso 2016/2017

CASO 644/421 Data 25/09/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Ao traballar no estranxeiro, pretende presentar e defender o seu traballo de fin de mestrado (TFM) de forma non presencial. O traballo realízase baixo a forma de relatorio en congreso con revisión por pares, será publicado, ademais, como artigo nunha revista indexada formando parte das actas do congreso. O traballo é unha evolución doutro previo xa publicado, sobre o que defendera no curso anterior un outro TFM noutro mestrado da UDC. O congreso tivo lugar a comezos de xullo e o coordinador do mestrado coméntalle a mediados de xuño que non podía defender o TFM antes de setembro, pasado o congreso, e que o formato para a achega debía consistir nunha memoria que axudase ao tribunal a facerse unha idea dos antecedentes, e que incluíse o
Inicio: 25/09/2016		
Remate: 24/10/2016		

artigo/relatorio como anexo.

No momento da achega, comunícaselle por terceiras persoas que se comenta que o seu traballo é un plaxio. Ante a posibilidade de que puidese existir algunha dúbida ao respecto, envía un correo en que explican o contexto do traballo ao titor, á coordinación do mestrado, á dirección do centro e ao persoal de secretaría, sen obter resposta ningunha.

Ao non obter tampouco resposta á súa solicitude previa de defensa non presencial, recollida no regulamento, e como foi convocada o 12/09/2016 para a defensa do TFM o 21/09/2016, pide información ao respecto ao coordinador, quen lle comunica que debe xustificar a súa solicitude e ter os medios necesarios para realizala, ao que responde axiña alegando motivos laborais e facendo unha proposta de medios. Ante a falla de resposta de ningún tipo e a falla de coordinación e planificación para a defensa non presencial, tras varios intentos de obtela durante os dous días previos ao sinalado para a defensa, o 20/09/2016 envía a unha terceira persoa ao centro para pedirla no seu nome e, finalmente, o coordinador do mestrado respóndelle indicándolle un enderezo de correo para realizar a conexión o día sinalado para a defensa, tras a presentación e defensa dos demais alumnos.

Cando por fin se conecta co tribunal, o presidente (coordinador do mestrado) comunícalle que unha normativa de rango superior á que aparece na páxina web do mestrado non permite defensas non presenciais dos TFM, polo que a súa cualificación será de *Non presentado*. Pide entón solucións alternativas alegando que de térselle comunicado con antelación podería terse desprazado para defendelo, ante o que o presidente do tribunal respóndelle que a defensa sería ilegal, que o tribunal non vai actuar en contra da normativa, que ela non é especial e que non é o seu problema.

Durante a conexión co tribunal nada se lle menciona sobre un posible plaxio ou auto-plaxio, mais a persoa que acudira ao centro, que estivo fóra da aula cunha copia da súa presentación nun portátil en caso de haber fallos na conexión/comunicación, agardando sen poder entrar a pesar de ser un acto público, comunícalle que continúan os comentarios ao respecto.

Ao día seguinte ao sinalado para a defensa (22/09/2016), coas actas aínda abertas, colle un voo para acudir ao centro a primeira hora da mañá do 23/09/2016 e informa disto a todos os axentes implicados (titor, tribunal, dirección e coordinador). Preséntase no centro, fala co director, trata de localizar, sen éxito, os membros do tribunal para aclarar con eles o asunto do plaxio ou auto-plaxio, e como queira que non se lle dá ningunha alternativa máis que matricularse de novo, modificar o traballo sen saber como para que non volva xurdir o tema do plaxio e acudir para defendelo de xeito presencial, é cando decide acudir ao valedor universitario na procura de amparo. O mesmo 22/09/2016, o titor do anterior TFMponse en contacto con ela polos comentarios que escoitara no centro, comunícalle que falou co titor do seu actual TFM e que está á súa disposición para facer un informe sobre o seu traballo, pois entende que é claro que se trata dunha evolución e non dun plaxio, pero que ao seu xuízo é a memoria de contexto a que debería figurar como anexo no canto do artigo.

Actuacións	Dirección do centro e Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.
Resolución	Tras falar co director do centro e coa vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, o 29/09/2016 comunico á interesada que debe estar atenta por se nos próximos días se lle autoriza a realizar a defensa do seu TFM a distancia. Ao día seguinte, a vicerreitora confirmame a autorización para a defensa por videoconferencia, pois o Servizo de Organización Académica considera que a normativa si o permite. Tendo en conta a situación que me fora relatada pola interesada e as apreciacións que eu

mesmo puiden extraer da miña conversa co director do centro, aproveito o escrito de notificación desta autorización á interesada para comentarlle diversas cuestións que considero lexitimamente xustas e axustadas a dereito e que poderían servirle como argumentos na súa defensa durante a presentación do TFM ou con posterioridade, en caso necesario:

Segundo acaba de comentarme a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, estanse a dar os pasos para que nos próximos días (seguramente a comezos da próxima semana e en todo caso antes do día 7 deste mes), poida vostede defender o seu TFM desde o seu lugar de traballo.

Á vista do que comenta no seu escrito e por se puidese ser do seu interese, infórmoa do seguinte:

Corresponde aos membros do tribunal xulgar o seu TFM con plena autonomía e, polo tanto, determinar en que medida consideran se hai ou non orixinalidade suficiente no traballo que van avaliar, ou se se trata substancialmente dunha mera repetición da memoria presentada por vostede como TFM noutro mestrado.

*Polo que aprecio no seu escrito, a súa intención á hora de presentar o seu TFM era facer uso dalgunha das formas (a ou b) de presentación que se recollen no artigo 2.5 do Regulamento do Traballo de Fin de Mestrado Universitario aprobado en Comisión Académica o 30 de maio de 2014, do Título de “Master Universitario en *** pola Universidade da Coruña”*

Segundo vostede, aconsellada polo coordinador do mestrado, presentou finalmente unha memoria acompañada dunha publicación como anexo, o que entendo que é unha fórmula mixta que non se recolle en ningunha das cinco posibilidades que recolle o artigo 2.5 do devandito regulamento.

Das cinco opcións claramente definidas como formas polas que se poden presentar os TFM do mestrado que nos ocupa de acordo co seu propio regulamento, a meu entender, este establece claramente que o formato de presentación cando se opta pola forma a) “Artigo de revista indexada” ou b) “Relatorio en congreso con revisión por pares” non é outro que o propio formato da revista ou do relatorio.

Aínda que como alumna non podería vostede ampararse no descoñecemento do regulamento do TFM que lle afecta directamente e que é de coñecemento público, a administración e os órganos directamente implicados tamén teñen a responsabilidade de explicarlle axeitadamente ao alumnado calquera tipo de cuestión que se lle suscite, como podería ser o axuste ou non da documentación entregada en prazo na Administración do centro a unha das cinco modalidades estipuladas no propio regulamento do TFM.

Entendo, pois, que se a súa intención era a defensa dun relatorio ou dun traballo publicado, como parece ser o caso, por unha cuestión de forma na que habería máis axentes implicados, non debería de haber problema á hora de centrar o proceso de avaliación na publicación presentada en prazo, cumprindo así axeitadamente, a meu xuízo, con unha das cinco modalidades de presentación recollidas no regulamento. En calquera caso, corresponde aos membros do tribunal actuar con base na interpretación que eles mesmos consideren a máis acaída.

*Vostede remitíume a publicación titulada “***” sobre a que era a súa intención defender o TFM e unha publicación previa que leva por título “***” que, entendo, tería que ver coa defensa do seu TFM no Máster Universitario en ***. Ambos os traballos foron publicados por vostede e un mesmo coautor na mesma revista; na publicación presentada para a defensa do seu actual TFM faise referencia explícita á súa publicación previa, polo que entendo que o comité editorial e os avaliadores externos (presumiblemente expertos na materia) dispoñían de evidencias e coñecementos*

suficientes como para consideraren ou non o seu traballo como un plaxio ou como un manuscrito con ou sen entidade e novidades suficientes como para ser admitido como unha publicación. Por outra banda, os relatorios nos congresos preséntanse diante dun auditorio de expertos, o que reforzaría, aínda máis, as garantías de calidade e de ausencia de plaxio no seu traballo.

De cara á defensa do TFM, talvez non estea de máis que vostede teña presente a seguinte referencia: 18 créditos ECTS equivalen a 450 (18x25) horas totais de traballo polo alumnado e unha tese de doutoramento para realizar a tempo completo está prevista para ser rematada en tres anos (prorrogables un ano máis), o que, considerando unha xornada laboral normal de traballo se traduciría nun mínimo de 4500 horas.

O artigo 9 (Dereitos específicos dos estudantes de máster), do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, recolle no seu apartado g) o dereito "A contar cunha tutela efectiva, académica e profesional, no traballo fin de máster e, no seu caso, nas prácticas académicas externas previstas no plan de estudos."

Se finalmente, como parece, se lle vai recoñecer o seu dereito a defender o TFM diante do tribunal, pense que mantén vostede os mesmos dereitos que os demais alumnos, entre deles, o dereito a que a súa defensa sexa de carácter público.

Confío en que todo o proceso se desenvolverá axeitadamente e que a vostede se lle outorgará a cualificación que realmente lle corresponda. En calquera caso, se por algunha razón recibise vostede unha cualificación que considerase inxusta, aconsellaríalle unha rápida e atenta lectura das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/academica/Normas_avalacion_revisi%C3%B3n_reclamaci%C3%B3n_consolidado_1.pdf).

Para calquera outra aclaración que precise, non dubide en contactar de novo coa nosa oficina.

A nova defensa fíxase para o día 19/10/2017 e a véspera a interesada consúltame sobre como proceder ante a petición do presidente do tribunal de que lle envíe anticipadamente aos membros do tribunal a presentación que utilizará, para garantir o seguimento da defensa do TFM, así como un posible corte da comunicación. Ao tempo, maniféstame a súa inqueda polas noticias que lle chegan de forma extraoficial sobre que o tribunal non se tomou nada ben a súa reclamación, que durante o acto de defensa non lle farían preguntas sobre o contido, que se centrarían sobre os aspectos formais de presentación do traballo e que, finalmente, se lle daría a posibilidade de elixir entre un "Non presentado" ou un "Suspenso". A este respecto, respóndolle:

A meu entender non ten vostede a obriga de adiantar a súa presentación aos membros do tribunal, pero nada lle impide facelo, se é o seu desexo.

En calquera caso, se decide facelo, aconséllolle que se centre nunha presentación acorde con un dos cinco formatos que figuran no Regulamento do traballo de fin de mestrado, entre os que figuran: a) Artigo de revista indexada e b) Relatorio en congreso con revisión por pares. Mesmo, por inhabitual, resultaría lóxico que vostede anunciase no inicio da presentación a que formato responde a defensa do seu TFM. De considerar o tribunal que houbo un defecto de forma na achega da documentación que entregou no seu día, pense vostede no seu dereito a unha tutela efectiva académica e profesional e en que, aínda que non necesariamente (dependendo da cuestión), mesmo podería haber outros responsables por acción ou por omisión.

Recoméndolle de novo unha atenta lectura de toda a información/opinión que sobre a normativa e o seu cumprimento

Ile envie no meu correo do pasado 30 de setembro. De estimalo necesario, está vostede autorizada a facer uso do contido dese correo (mesmo citando a miña autoría, se o desexa) no transcurso do debate cos membros do tribunal.

Recorde tamén vostede o seu dereito a que a sesión sexa pública.

A alumna defende finalmente o seu TFM, coméntame que só un membro do tribunal fixo unha valoración con respecto ao traballo (de forma, nada de contido), sen darlle a ela apenas tempo para responder alegando que as preguntas eran retóricas e que se lle pedira que fose concisa. Outórganlle unha cualificación de "Suspenso" (2,5) e o centro pídelle que confirme por escrito se está conforme ou non coa modificación das actas do TFM da convocatoria de setembro, nas que figura un "Non presentado". A intervención da nosa oficina remata coa resposta á consulta da interesada sobre como proceder ante ese requirimento e sobre os prazos de reclamación.

CASO 650/427 Data 30/10/2016

Reclamante: De oficio	Motivo	Unha alumna dun título en extinción pon no meu coñecemento o que, <i>a priori</i> , parecen serias irregularidades cometidas polo tribunal de avaliación por compensación do centro, que estarían a orixinar problemas moi importantes a preto dunha trintena de estudantes, algúns deles mesmo co PFC ou o TFG listo para ser entregado. Solicita unha cita para comentar todos os detalles.
Inicio: 31/10/2016		
Remate: 10/11/2016		
	Actuacións	Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente e Secretaría Xeral.
	Resolución	<p>Tras fixar unha cita para o 02/11/2016, á que poderían acudir todas/os estudantes que o desexaren, achéganse pola nosa oficina a práctica totalidade das persoas afectadas. Falamos abertamente das diferentes casuísticas, prométoles ocuparme de oficio e de modo urxente de todo o asunto, aconséllolles que preparen recursos de alzada a título individual, cadaquén centrado na súa casuística, e doulles orientacións sobre cando e como presentalos. O 04/11/2016 remito un escrito á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente e ao secretario xeral co seguinte contido:</p> <p><i>Tendo coñecemento dunha actuación que me semella absolutamente anómala por parte do Tribunal de Avaliación por Compensación da Escola ***, e considerando que a resolución adoptada por este tribunal pode chegar a causar serios prexuízos a preto dunha trintena de estudantes dese centro, de non remediarse a situación con carácter urxente, solicítolles a súa intervención para que se restableza a normalidade canto antes e se proceda por parte da Reitoría, se así o estima pertinente, á:</i></p> <ul style="list-style-type: none">• <i>Concesión do aprobado por compensación a todos os estudantes dos plans de estudo en extinción do título de *** e do grao en *** a quen o propio Tribunal de Avaliación por Compensación considera que "cumpren cos requisitos administrativos establecidos no artigo 1 do Regulamento de avaliación por compensación (aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña na súa sesión do 29 de setembro de 2011 e modificado na sesión do 24 de setembro de 2013)" (véxase o penúltimo parágrafo do escrito que se acompaña).</i>• <i>Concesión do aprobado por compensación a todos os estudantes do plan de estudos do título de *** en extinción que solicitaron a avaliación por compensación das materias *** (4,5 créditos) e *** (4,5 créditos), que tal como quedou plenamente demostrado por esta oficina, foron durante moito tempo anormalmente tratadas como unha única materia para todos os efectos</i>

salvo para o aprobado por compensación. Existe precisa información nesa vicerreitoría ao respecto, que levou en anos precedentes a ditar resolucións reitorais estimatorias para o alumnado en contra do criterio que fora adoptado (e que segue a selo!) polo Tribunal de Avaliación de Compensación da *** (véxase o antepenúltimo parágrafo do escrito que se acompaña).

Como valedor universitario, considero que o respecto ás normas é algo que nos incumbe a todos os membros da comunidade universitaria e, dun modo especial, a quen forma parte dun órgano ou comisión responsable da súa aplicación. Lamentablemente, unha vez máis, aprecio serias e preocupantes carencias nalgunhas actuacións da Escola *** que compre corrixir e atallar.

Ante a anguria e as dúbidas que continuaban a transmitirme unha parte das/os estudantes interesadas/os, convoque unha nova reunión para o 05/11/2016, á que asisten, de novo, a práctica totalidade dos afectados. Aclaradas as dúbidas, e visto que, segundo o que me relataban diversas persoas afectadas, poderían terse producido incumprimentos e comunicacións de información errónea por parte do centro que poderían afectar moi negativamente ao seu dereito á avaliación por compensación de aplicarse a normativa modificada en todos os casos, decido remitir un novo oficio conxunto sobre este particular á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente e ao secretario xeral, o cal se materializa o 08/11/2016 co seguinte contido:

*O asunto que motiva o presente escrito garda relación coa versión do Regulamento de avaliación por compensación que, ao meu xuízo, debe ser aplicada ao alumnado da Escola *** que solicitou o aprobado por compensación o pasado mes de setembro, partindo da base de que, o pasado 28 de outubro, o tribunal de compensación deste centro considerou que “para favorecer ao alumnado solicitante, de xeito excepcional nesta convocatoria as solicitudes deberan ser estudadas segundo o previsto na versión anterior do devandito Regulamento (aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña na súa sesión do 29 de setembro de 2011 e modificado na sesión do 24 de setembro de 2013)”.*

*Ao desestimar o tribunal de compensación todas e cada unha das solicitudes alegando que “debido á non superación das materias concernidas, os alumnos solicitantes non acadan a aptitude global para recibir o título oficial de ***/Grao en ***...”, este tribunal incumpe a súa obriga de aplicar o Regulamento de avaliación por compensación, forzando así á Reitoría a actuar en defensa da correcta aplicación dos dereitos do alumnado.*

Atendendo á literalidade da disposición final do Regulamento modificado o 28 de xuño de 2016 (“esta modificación entrará en vigor no curso académico 2016-2017”) cómpre pensar, a priori, que é o regulamento modificado o que debería ser de aplicación desde comezos do curso 2016/17. Porén, aínda que por razóns distintas ás alegadas polo Tribunal de Compensación da ETSA (“favorecer ao alumnado”), entendo que a modificación do Regulamento non debería aplicarse no caso que nos ocupa. Así:

*As/os estudantes do Título de *** e do Grao en *** que solicitaron o aprobado por compensación o pasado mes de setembro fixérono sometendo á consideración do tribunal expedientes académicos dispoñibles e non modificados desde ou mesmo antes do peche de actas da última convocatoria/oportunidade de avaliación do curso académico 2015/16. A formalidade do momento (curso) en que se materializa a matrícula na materia aprobada por compensación non debería resultar incompatible co espírito da norma. Entendo que nin no ánimo do equipo reitoral nin do Consello de Goberno que participou na formulación e/ou aprobación da modificación do Regulamento estaría xerar situacións de agravio comparativo entre*

estudantes de distintas promocións, sen tempo para reaccionaren ao cambio da norma.

Durante o curso 2015/16, a *** parece ter incumplido (asunto que precisaría de maior verificación) co artigo 4 (sobre convocatorias de avaliación por compensación) de ambas as versións do Regulamento de avaliación por compensación.

Ao parecer (asunto que precisaría de maior verificación), a información que se tería estado comunicando ao longo do curso 2015/16 desde a Administración do centro ao alumnado potencialmente interesado pola avaliación por compensación, tería levado a este alumnado á certeza de que se abriría a finais de curso unha convocatoria na que entrarían todos eles e na que lles sería de aplicación o Regulamento de avaliación por compensación non modificado.

Complementariamente a todas estas razóns que, entendo, avalan sobradamente por si soas a aplicación do regulamento previo á modificación de 28 de xuño de 2016, cómpre salientar que todas as solicitudes de avaliación que se presentaron en setembro de 2016 corresponden a materias de titulacións en extinción: o título de *** –a piques de rematar, con escasos resultados de éxito en canto ao tempo medio empregado polo alumnado para a súa superación–, e o Grao en *** –unha efémera titulación que presenta un serio problema de configuración (un 5.º curso de 90 ECTS cun 2.º cuatrimestre de dobre xornada laboral: 60 ECTS)–.

Por todo isto, considero de xustiza e, polo tanto, RECOMENDO a aplicación urxente pola Reitoría do Regulamento de avaliación por compensación na súa versión previa á modificación de 28 de xuño de 2016 a todo o estudantado que solicitou a avaliación por compensación na convocatoria de setembro de 2016, quer porque se considere que esta solución resulta formalmente viable, quer, de consideralo preciso, tras a aprobación dunha moratoria na aplicación do Regulamento modificado que a faga posible.

Até o 10/11/2017, desde a nosa oficina continúaase informado ao alumnado que o solicita sobre como enfocar a súa reclamación.

CASO 652/429 Data 21/12/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Alumna dun plan antigo en extinción (enxeñaría superior) que leva dous anos intentado aprobar as dúas materias (unha de 3.º e outra de 4.º curso) que lle restan para poder defender o PFC. Comenta que esgotou todas as posibilidades, o cal, de non haber solución, lle suporía un tremendo retroceso nos seus estudos ao perder máis de douscentos créditos e pasar a un grao sen competencias profesionais, cando mesmo ten o PFC listo para ser presentado.
Inicio: 21/12/2016		Relata, tamén, que a última das materias que acaba de suspender, e que pensaba poder superar para compensar logo a outra, non foi capaz de aprobala non só polo alto nivel de coñecementos esixidos no exame, mais tamén polo pouco tempo que deron para resolvelo, situación que se leva producindo desde hai tempo como pode verse no alto índice de suspensos e de aprobados por compensación.
Remate: 23/12/2016		Solicita unha opción para poder aprobar a materia e rematar a carreira sen ter que cambiar de grao.
Actuacións		Normativa.
Resolución		Tras falar extensamente coa alumna, o 23/12/2016 respondo a súa solicitude por medio dun escrito en que a informo dalgunhas cuestións normativas, así como da canle que debe seguir antes de presentar unha reclamación, chegado o caso, ante o valedor universitario: <i>Estimada alumna,</i> <i>En relación co seu escrito do 21 de decembro, no que me explica a súa difícil situación académica e me solicita unha opción para</i>

*poder aprobar a materia *** e así rematar a carreira de Enxeñaría *** sen ter que cambiar ao grao, comunícolle:*

- 1) Que o Valedor Universitario é un órgano sen capacidade executiva, que ten por obxecto velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, procurando un axeitado cumprimento das normas aprobadas polos diferentes órganos de goberno da universidade e suxerindo ou recomendando a súa implantación ou a súa mellora na procura dun incremento da calidade universitaria.*
- 2) Que, salvo para consultas ou análises de calquera tipo de situacións coas persoas interesadas, a intervención do valedor universitario prodúcese ante as actuacións dos diferentes órganos de goberno e servizos da universidade ou as situacións de conflito que puideren xurdir entre os propios membros da comunidade universitaria, mais sempre que así for requirido de común acordo polas partes implicadas.*
- 3) Que as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC, que analizamos en detalle o propio día 21 de decembro na miña oficina, dan cabida aos diferentes supostos relacionados cos resultados dun proceso de avaliación.*
- 4) Que, polo que comentamos detalladamente na miña oficina o propio día 21 de decembro, a esixencia desmedida e o escaso tempo de resolución dunha proba son causas que, convenientemente argumentadas, poden ser consideradas nun proceso de reclamación sobre a cualificación dunha materia.*
- 5) Que estando vostede en prazo, e dispoñendo a UDC dun procedemento regulado, de carácter garantista e perfectamente homologable aos procedementos ao uso nas universidades públicas españolas, asístelle o dereito a presentar ante a dirección do centro unha reclamación da cualificación que lle foi outorgada na materia ***.*

Que, unha vez que se resolva a súa reclamación, pode vostede acudir de novo a esta oficina para analizar a resolución que lle será trasladada pola dirección do centro. De persistir a súa desconformidade coa cualificación, terá vostede un mes de prazo para presentar un recurso de alzada ante o reitor, período que podería aproveitar, se o desexa, para solicitar a miña intervención directa no asunto.

CASO 654/431 Data 13/01/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	O caso garda relación co expediente de referencia 652/429. Tras presentar no centro unha reclamación sobre a cualificación da materia que precisaba aprobar para rematar os seus estudos de Enxeñaría sen ter que pasarse a un grao sen competencias profesionais cunha perda que cifraba en máis de 200 créditos, a alumna recibe unha resolución desestimatoria. Consulta co valedor universitario e apréciase que parecía terse dado unha notable carencia no procedemento que levou á devandita resolución. Tras aconsellarlle que solicitase unha copia completa do expediente da súa reclamación, comprobamos que, en efecto, a resolución ditárase sen a preceptiva participación da Comisión de Docencia do centro e que podería haber fundamentos, cando menos, para unha repetición da proba de avaliación. O 13/01/2017 a alumna pide formalmente o amparo do valedor universitario por medio dun detallado escrito de reclamación.
Inicio: 16/01/2017		
Remate: 10/03/2017		
Actuacións	Dirección do centro.	

Resolución O 16/01/2017 remito un oficio ao director do centro co seguinte contido:

Estimado director:

*Acabo de recibir un escrito de reclamación da alumna *** a respecto do exame da materia *** que tivo lugar o *** (derradeira convocatoria) (xúntase copia).*

No seu escrito de reclamación, a alumna cuestiona o nivel de esixencia e o escaso tempo outorgado para a realización de diversas partes do exame, o que, segundo ela, lle agravou aínda máis a situación de estrés na que se atopaba debido á súa delicada situación académica.

Visto o contido do escrito de reclamación, que me foi presentado pola interesada, e analizados os documentos que o acompañan, aprecio diversas cuestións que, a priori, chaman a miña atención e me levan a indagar a fondo sobre se existen verdadeiramente ou non elementos de peso suficientes como para estimar e apoiar a inusual petición da reclamante de render novo exame perante un tribunal. A este respecto, solicítolle que me remita a seguinte documentación:

- 1. Informe sobre os motivos que terían levado á dirección do centro a resolver a reclamación presentada pola alumna o 23 de decembro de 2016 sen que, ao parecer, se producise o preceptivo acordo da comisión docente do centro cumprindo co procedemento estipulado nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (art. 30.4).*
- 2. Copia do exame.*
- 3. Número de alumnos matriculados e taxas de éxito e de rendemento académico por curso de todas as materias do 4.º curso da titulación *** nos últimos 10 anos.*
- 4. Número de alumnos matriculados e taxas de éxito e de rendemento académico na materia *** en cada convocatoria a partir do curso 2011/12.*
- 5. Listaxe de estudantes que se presentaron ao exame da materia o 9 de decembro de 2016.*
- 6. Calquera información ou documentación que vostede considere relevante para un total esclarecemento do caso.*

O 30/01/2017 recibo resposta do director do centro, que incorpora, entre outra documentación, o informe da Comisión Docente, que se reúne o 20/01/2017, e acorda unánimemente que non procede a modificación da cualificación solicitada pola alumna.

Contacto telefonicamente cos tres únicos alumnos que, xunto coa reclamante, se presentaron ao exame, para anunciarlles o envío dunha pequena enquisa sobre o exame e as condicións en que este se realizou e para comunicarlles que deben responder a enquisa coa maior atención e obxectividade posibles.

Tras unha análise da queixa realizada exclusivamente con base na documentación achegada polo centro e na enquisa ao alumnado, procedo á elaboración dun amplo informe que dirixo á reclamante e ao director do centro o 16/02/2017, e cuxas consideracións finais se reproducen integramente a continuación:

Consideracións finais

Lamentablemente, con tres únicos estudantes ademais da reclamante, os resultados da enquisa formulada ao alumnado teñen un nivel de significación moi escaso. Aínda así, unha cuestión obxectiva e facilmente verificable, caso do traslado de aula con anterioridade á realización do exame e a coincidencia das/os tres estudantes en canto á súa percepción de que o alumnado está sometido a un elevado ou moi elevado nivel de estrés tanto en termos absolutos como en comparación con outras materias da

titulación, merecen ser destacadas.

Formular exames cun tempo moi axustado para cada pregunta para logo verse abocados a incrementalalo considerablemente por insuficiente, contribúe a aumentar innecesariamente e dunha maneira moi notable o nivel de estrés ao que xa de por si se atopa sometido o alumnado cando se presenta á súa realización. Ese plus de estrés afecta, ademais, dunha maneira moi desigual aos diferentes estudantes, que poden estar a pasar por circunstancias de índole persoal ou académica moi diferentes.

As taxas de rendemento académico acadadas polo alumnado da materia ***, como as da outra materia que ten pendente de superar a reclamante (***), parecen excesivamente baixas, tendo en conta especialmente que se trata de materias de cursos avanzados e comparando os resultados cos acadados no conxunto das materias do mesmo curso.

Aínda sen poñer en dúbida a profesionalidade e a responsabilidade dos profesores que levan impartido e avaliado a materia *** da titulación *** nos últimos cursos, penso sinceramente que hai razóns abondas como para outorgar unha nova oportunidade de avaliación á reclamante e permitirlle a defensa dos seus coñecementos sobre a materia ante un tribunal de avaliación nomeado para tal efecto. No seu apoio entendo que pode considerarse como unha razón de peso adicional o feito de que na Universidade da Coruña non está aínda regulada a solicitude de avaliación ante tribunal á que se fai explícita referencia no artigo 28 do Estatuto do estudante universitario (RD 1791/2010, do 30 de decembro): “Os estudantes poderán solicitar avaliación ante tribunal de acordo coas condicións e regulación que a tal fin dispoñan as universidades.”

A alumna decide presentar recurso de alzada contra a resolución do centro.

O 10/03/2017 recibo un escrito do director do centro en relación co meu informe do 16/02/2017, en que, entre outras consideracións e a solicitude de aclaracións sobre o procedemento que cumpriría seguir a partir daquela, manifesta: “Non é a miña intención establecer un debate sobre o contido do informe a pesar de non compartir nin o ton nin o contido dalgunhas das súas frases. Tamén se bota de menos no proceso de investigación para o informe que non se pediu ningunha información nin aclaración aos profesores da materia en relación co tempo da proba e das respostas da alumna.”

O propio día 10 de marzo procedo a dar resposta ao escrito do director e dou por rematada a miña intervención no caso:

Estimado director,

Entendo como algo normal que poida haber discrepancias entre a súa valoración como director dun centro e a miña como valedor universitario.

Acolléndose aos seus dereitos, a alumna presentara unha queixa na miña oficina e a partir de aí procedín a analizala botando man da documentación que constaba xa no procedemento, e dunha concisa enquisa ao alumnado que se presentou á mesma convocatoria de avaliación. Non considerei preciso pedir ningún tipo de información nin aclaración adicional aos profesores da materia en relación co tempo da proba e das respostas da alumna, dado que sobre ese particular xa se manifestaran amplamente no seu escrito de alegacións con data do 27 de decembro de 2016.

Toda vez que a alumna presentou un recurso de alzada, nesta fase do procedemento a decisión de concederlle ou non unha nova oportunidade de avaliación depende xa da Reitoría, onde terán que dirimir, en definitiva, se o exame foi realizado ou non conforme ao estipulado no artigo 8 d) das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC, que recolle explicitamente o dereito dos

estudantes a que as probas de avaliación, de existiren, se desenvolvan nas mellores condicións posibles de lugar e tempo. Lamento as discrepancias, ao tempo que lle reitero o meu agradecemento pola súa colaboración.

CASO 659/436 Data 06/04/2017

Reclamante: Alumna Motivo Anúlaselle un exame aprobado dunha materia do 1.º cuatrimestre dun mestrado semipresencial, ao consideraren as/os profesores que a imparten que se producira fraude durante a súa realización. Tras apelar en dúas ocasións aos responsables da materia, facendo fincapé na súa inocencia, acode ao valedor universitario para que o seu exame non sexa anulado ou, para que, no seu defecto, se lle permita repetilo nas mesmas condicións que o anterior e poder así desfrutar de dúas oportunidades para superar a materia.

Inicio: 11/03/2017

Remate: 16/05/2017

Actuacións Normativa e profesorado da materia.

Resolución Cítase á alumna na nosa oficina, na procura dun maior esclarecemento dos feitos que relata. Segundo comenta, o exame foi realizado a destempo (tras o peche de actas da 1.ª oportunidade de avaliación) por ela e outras compañeiras dun grupo que realizou as prácticas da materia en xaneiro, de común acordo co profesorado. A proba foi realizada por vía telemática, pero as/os profesoras/es deciden anulalo tras considerar que se cometera fraude por parte de todo o alumnado durante a súa realización.

Tras falar coa interesada, e á vista da normativa que podería ser de aplicación ao caso, o 12/04/2017 remítille o seguinte correo:

Estimada alumna,

Visto o seu escrito do 6 de abril de 2017, tras a conversa que mantivemos o pasado martes nesta oficina, e unha vez analizada a lexislación e demais normativa de aplicación (Normativa de xestión académica da UDC 2016/17; Estatuto do estudante universitario - Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro-; Normas de avaliación, revisión e reclamación dos estudos de grao e mestrado universitario), comparto as seguintes consideracións:

ASPECTOS NORMATIVOS

- a) *Todo alumno matriculado nunha materia na Universidade da Coruña ten dereito a unha convocatoria por curso académico, formada por dúas oportunidades de avaliación. As datas para a realización das probas finais de avaliación e as datas de peche das actas para as dúas oportunidades de avaliación deben estar fixadas antes do comezo do período de matrícula.*
- b) *A programación das probas de avaliación non pode alterarse salvo que, por imposibilidade sobrevida, resulten irrealizables segundo o establecido. En calquera caso, o feito de que se chegase a un acordo entre o profesorado e o alumnado para un cambio de data, en ningún modo pode anular o dereito básico do alumnado a reclamar a súa cualificación, de acordo co procedemento establecido.*
- c) *As/os estudantes teñen o deber de absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación.*
- d) *O profesorado encargado da realización dunha proba debe ter constancia da identidade das/os estudantes que se presentan a esta. O profesorado ten tamén a obriga de velar porque durante a realización dunha proba de avaliación non se produza quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual (uso de documentos non permitidos, copia de resultados, comunicación entre estudantes...).*

-
- e) *Xunto coa publicación das cualificacións, no taboleiro oficial do centro, na plataforma de formación e a través do servizo de notificación por SMS, deberá facerse pública a data, o lugar e o horario en que os estudantes terán dereito a revisar as actividades, os traballos e as probas que sirvan para a súa avaliación e a recibiren explicación razoada da cualificación que obtiveron.*
 - f) *Unha vez publicadas as cualificacións definitivas (tras o proceso de revisión) o alumno ten dereito a presentar unha reclamación, seguindo o procedemento detallado no Título VII. Reclamacións das normas de avaliación, revisión e reclamación da UDC.*

CONSIDERACIÓNS SOBRE O CASO

- a) *Admitir unha fraude xeneralizada, resolvendo a anulación da proba, implica admitir que fracasaron os mecanismos de planificación e control que debe exercer o profesorado durante o proceso de avaliación.*
- b) *Tendo en conta a responsabilidade do profesorado á hora de evitar a comisión de fraude durante a realización das probas de avaliación, calquera interpretación a posteriori de que tivo lugar a comisión dunha fraude resulta xeralmente moi cuestionable, especialmente cando se aplica dun modo colectivo e sen discriminar entre quen realmente puido tela cometido e quen non.*
- c) *Nos casos en que o profesorado xulgue que, ao seu xuízo, hai evidencias claras de que un determinado alumno cometeu fraude, o previsto pola norma é outorgarlle un "0" como cualificación na convocatoria, pero en ningún caso se lle pode privar do seu dereito a defenderse presentando a oportuna reclamación ante o decanato.*
- d) *Sobre a cuestión formulada por vostede, como valedor universitario non podo ir máis aló, polo momento, pois á marxe de atender as consultas formuladas, as intervencións deste órgano universitario prodúcense tras as actuacións dos diferentes órganos e servizos da universidade, que, polo que me comenta, non interviron aínda no asunto.*

RECOMENDACIÓN

Aconséllolle pedir cita para falar abertamente de todo este asunto coa profesora responsable da materia ou co conxunto do profesorado que a imparte e, de ser preciso, coa coordinadora do mestrado ou co decano.

Confío no bo criterio do profesorado e da coordinadora do mestrado para dar coa solución máis xusta a esta situación, que podería verse agravada no seu aspecto formal pola realización da avaliación fóra do prazo aprobado polo Consello de Goberno da Universidade para o peche de actas das materias do primeiro cuatrimestre.

Logo de recibir o correo, a alumna comunicame que seguirá a miña recomendación e falará de novo cos profesores da materia.

O 24/04/2017 a alumna enviame un correo en que me notifica que o mesmo 12/04/2017 remitira un correo ao profesorado da materia e á coordinadora do mestrado para pedirles cita, comentándolles que eu mesmo lle recomendara falar con ela/es. Sinálame que aínda non obtivo resposta.

O 25/04/2017 contacta comigo a profesora responsable da materia e pídeme reunirme con ela e co resto do profesorado para falar do asunto.

Na reunión, que tivo lugar o 27/04/2017, falamos abertamente dos problemas que xera a realización de exames fóra do período oficial pois, aínda que se faga coa intención de beneficiar ao alumnado para que poida compaxinar mellor o seu calendario laboral ou a asistencia ao centro, en ningún modo se lle debería privar do seu

dereito a reclamar formalmente seguindo a normativa de reclamacións e os prazos nela marcados. Sobre a anulación do exame, o profesorado defende que o responsable é anulalo, toda vez que consideran que se produciu fraude, o que, de ser así, tería todo o sentido, pois o resto do alumnado (o que realizara o seu exame na data oficialmente prevista) fixera o seu exame normalmente, sen cometer fraude.

Pedinlles que, en calquera caso, valorasen seriamente a posibilidade de repetir o exame para quen non quedara moi clara a comisión da fraude. Ante os prexuízos que se estarían a causar nos casos en que non se dera realmente comisión de fraude, ben pagaba a pena dar unha nova oportunidade, realizando un novo exame en condicións normais; non debía esquecerse a responsabilidade do propio profesorado por non ter preparado unha proba de avaliación coas suficientes garantías. Aínda que seguían convencidos de que a alumna reclamante tamén cometera fraude, deciden reunirse con ela para falar directamente do seu caso.

A reunión do profesorado da materia coa alumna ten lugar o 05/05/2017. O 16/05/2017 recibo un correo da interesada, quen continúa a defender que ela non cometeu fraude, que non hai indicios de plaxio textual e que todas as compañeiras dispoñían dun material de estudo común e compartido. Subliña que o feito de que en dúas respostas se aprecie unha estrutura e un contido similares non é proba suficiente para concluír que intercambiaron información durante a realización da proba. Indica, por último, que dado que non figura como presentada na primeira oportunidade e que o TFM ten que defendelo en xullo de todos modos, non vai a reclamar ante o decano. Remata o seu correo agradecendo expresamente a axuda que se lle prestou na nosa oficina en todo momento.

CASO 667/444 Data 14/07/2017

Reclamante: Alumno	Motivo	A profesora dunha materia vulnera os seus dereitos como persoa e estudante por discriminación, agravio comparativo e actitude inadecuada. Denuncia que lle facilitou menos tempo para a realización do exame do que lle corresponde como persoa con discapacidade cun grave problema visual.
Inicio: 27/04/2010		Destaca que figura cun "Non presentado" a pesar de que fixo o seu exame "notablemente" o 28/06/2017, e solicita que este lle sexa "revisado e cualificado" por unha "comisión cualificadora" xa que, mesmo despois de acreditar a enfermidade e morte da súa nai, a profesora púxolle un "Non presentado" no primeiro cuatrimestre.
Remate: 27/04/2010		Xunto co seu escrito dirixido ao valedor universitario o 14/07/2017 remítenos unha copia doutro escrito similar dirixido, nesa mesma data, á valedora do pobo.
	Actuacións	Dirección do centro, Servizo de Organización Académica e ADI.
	Resolución	A pesar de que xa lle explicara en detalle –ao longo de varios días e horas de conversa telefónica– o procedemento establecido que debía seguir para reclamar a súa cualificación e máis as limitacións da figura do Valedor Universitario para intervir nesa fase do procedemento, o 21/07/2017 reitérolle toda esa información nun detallado escrito, ao que vou incorporando unha síntese das novas e reiterativas conversas telefónicas ao respecto (a cualificación de "Non presentado" que dicía ter recibido no segundo cuatrimestre e na que seguía a insistir tras a publicación –en prazo– das cualificacións provisionais da materia o 18/07/2017 non era tal, pois na listaxe publicada nesa data figuraba cunha cualificación de 2,6...). Unha vez informada de novo polo miúdo dos pasos que cumpriría dar para reclamar a súa cualificación, de non considerala xusta,

remato o meu informe coa indicación de: “Tan pronto como rematen as actuacións relacionadas co proceso de reclamación no seu centro e reciba a correspondente resolución do decano, tería vostede a posibilidade, se o precisa e o estima oportuno, a) de presentar ante min, como valedor universitario, unha concreta queixa ou reclamación sobre a dita resolución, b) de presentar directamente ante o reitor un recurso de alzada ou c) de adoptar libremente calquera outra medida legal que vostede estime oportuno en defensa dos dereitos que lle asisten como alumna da Universidade da Coruña. Conviría, en todo caso, ser prudentes e non prexulgar cal vai ser a actuación das diversas persoas que se verán implicadas na análise e resolución do seu proceso de reclamación na Facultade de ***.”

Dado que a interesada parecía vincular en todo momento a súa cualificación cun comportamento persoal indebido da profesora o día do exame, e que o enfoque que lle estaba a dar ao caso resultaba confuso, o 24/07/2017 envío un breve escrito ao decano (con copia do informe remitido por min á interesada), que remato coa seguinte consideración: “Máis aló do comportamento errático da alumna ***, en canto ao procedemento de reclamación que parece estar a seguir, e sen entrar a valorar cal puido ter sido o comportamento das dúas partes en conflito (cando menos si hai testemuñas do sucedido o propio día do exame), entendo que, dado o tipo de acusacións que a interesada profire contra a profesora, cómpre, na medida do posible, extremar o celo e analizar a fondo toda esta cuestión, tanto no que se refire á revisión das probas de avaliación pola comisión do departamento como o relativo ao comportamento persoal, con independencia dos resultados da devandita revisión”.

O 10/08/2017 a interesada remíteme unha copia do escrito de reclamación presentado ante o decano e solicita a miña intervención.

O 18/10/2017 recibo un novo escrito da interesada, desta vez, para queixarse porque a reclamación que presentara se viu interrompida ao comprobarse que non acudira á revisión do seu exame coa docente na data fixada para a revisión. Remíteme unha copia da resolución decanal (rexistro do 22/09/2017) e pide a miña intervención.

Logo de consultar coa Asesoría Xurídica e co Servizo de Organización Académica, verbo da obrigatoriedade ou non de ter que acudir ao proceso de revisión para non perder o dereito a reclamar unha cualificación ante a dirección do centro, infórmaseme que, coa normativa actual, a asistencia á revisión considérase preceptiva. Ao entender eu que, en calquera caso, a interesada estaba realmente a recusar á profesora mesmo con carácter previo á corrección das probas (exame realizado o 29/06/2017, escrito dirixido ao reitor o 10/07/2017, publicación das cualificacións o 18/07/2017 e data fixada para a revisión das probas o 20/07/2017), o 18/10/2017 remito un novo oficio ao decano en que solicito a reconsideración da continuidade do procedemento iniciado, tomando en consideración o que a respecto da recusación lle detallo como un novo elemento que cómpre considerar, e recalcando que, en definitiva, o que se está a dilucidar non é máis que a revisión dunha cualificación dun exame, mantendo a profesora todo o seu dereito a explicar a cualificación por ela outorgada no trámite de alegacións, e que a revisión do exame por outros profesores non faría máis que resolver unha cuestión litixiosa con maiores garantías para todas as partes.

Nun detallado escrito de resposta recibido o 09/11/2017, o decano relata todos os pasos dados antes de interromper a tramitación do expediente (alegacións da profesora co visto e prace da profesora responsable da proba oral, informe do Departamento), que “ofrece resposta a todas as circunstancias referidas na reclamación

e inclúe unha explicación detallada das razóns da cualificación”. Ao entender que “pódese considerar satisfeita a petición da reclamante de avaliación-revisión por parte dunha comisión”, o decano resolve non continuar co procedemento.

CASO 668/445 Data 17/07/2017

Reclamante: Alumno	Motivo	Solicita o cambio de dous membros do tribunal do TFG. A recusación fundaméntase en numerosas e notorias diferenzas públicas con ambos os profesores na súa etapa de representante de estudantes na xunta de centro e en diversas comisións, incluída a defensa pública dunha candidatura contraria nas últimas eleccións á dirección do centro.
Inicio: 17/07/2017		
Remate: 20/07/2017		
	Actuacións	Presidente do Tribunal e Administración do centro.
	Resolución	<p>O que nos remite o alumno non é máis que unha copia dun escrito de recusación, do 17/07/2017, dirixido por el ao presidente do tribunal que lle correspondeu para a defensa do seu TFG o 20/07/2017.</p> <p>Antes de levar a cabo ningún tipo de acción, o propio 17/07/2017 o presidente do tribunal (único membro non recusado) ponse en contacto comigo para consultarme sobre como proceder. Dado que a responsabilidade de designar membros dos tribunais de avaliación dos TFG non recae no seu presidente, debería trasladar de inmediato o caso á dirección do centro para que resolva. En caso de que a resolución (estimatoria ou desestimatoria) da recusación non se produza con anterioridade á data aprobada para a defensa do TFG, debería actuar cos seus membros titulares; tempo habería daquela de anular ou de dar por válida a cualificación en función da aceptación ou non da recusación formulada polo alumno.</p> <p>A poucas horas da data de defensa, desde a Administración do centro infórmanos de que a recusación foi rexeitada.</p> <p>A defensa do TFG ten lugar e o alumno aproba.</p>

CASO 670/447 Data 26/07/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	Ve frustrada a posibilidade de rematar os seus estudos dun plan antigo en extinción. Coincidiu o período de preparación de exames das materias que lle quedaban por superar cunha enfermidade grave dun familiar en primeiro grao, o cal veu sumarse á súa necesidade de seguir acudindo ao traballo. Solicita unha oportunidade para repetir o exame.
Inicio: 27/07/2017		
Remate: 01/08/2017		
	Actuacións	Administración do centro.
	Resolución	<p>Na Administración do centro infórmanos de que xa se están a ocupar do asunto, en contacto coa alumna, tratando de atopar unha solución positiva.</p> <p>Dado que a alumna presentou a mesma reclamación ante o director do centro e máis o reitor, comunícaselle que os trámites na Oficina do Valedor Universitario deben interromperse, en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario, pero que unha vez recibida resposta, se o precisa e o considera oportuno, pode poñerse de novo en contacto connosco.</p>

Curso 2015/2016

CASO 625/402 Data 24/02/2016

Reclamante: Alumno	Motivo	Quéixase dos problemas que tivo en relación coa avaliación dunha
--------------------	--------	--

Inicio: 24/02/2016		materia que cursou como estudante cun réxime de dedicación a tempo parcial e pide amparo na procura dunha solución.
	Actuacións	Profesores da materia e dirección do departamento.
Remate: 26/04/2016	Resolución	Tras comunicar ao alumno que xa nada podía facerse a respecto do sucedido (prazos para unha eventual reclamación xa vencidos), e que como valedor universitario intentaría seguir traballando para mellorar a situación dos estudantes a tempo parcial de cara ao inmediato futuro, trato abertamente o asunto co profesor responsable da materia e co profesor con quen o alumno tivera desavenencias. Deseguido, manteño unha conversa co director do departamento, quen se amosa moi receptivo a colaborar para que as guías docentes das diferentes materias se adapten ás necesidades dos estudantes a tempo parcial. Informáselle ao interesado da resposta positiva tanto dos profesores da materia como do director, quen comunica a remisión dun correo a todos os profesores do departamento en que se fai eco das reflexións do valedor universitario e solicítalles tomalas en consideración de cara ás guías docentes do próximo curso.

CASO 637/414 Data 01/07/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Defende o seu TFG e suspende cun 4. Séntese impotente, pois traballou moito na súa preparación, remitiu a súa memoria cun mes de antelación ao seu titor e este considerou que o traballo era apto para ser entregado. Sinala que perdeu unha oportunidade laboral por razóns alleas a ela, quer por un fracaso na titorización, quer por unha esixencia desmedida na avaliación.
Inicio: 01/07/2016		
Remate: 04/07/2016		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Tras comunicar á interesada que o valedor universitario non pode intervir directamente nun asunto desta índole mentres non se pronuncie o correspondente órgano de goberno, infórmasele dos seus dereitos e da vía pola que pode facelos valer: títulos VI e VII das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña e apartado g) do artigo 8, sobre dereitos específicos dos estudantes de grao, do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, que recolle o dereito "A contar coa tutela efectiva, académica e profesional, no traballo fin de grao...".

CASO 639/416 Data 18/07/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Considera que a cualificación que lle foi outorgada nunha materia, e ratificada tras a oportuna reclamación, non era a que lle correspondía.
Inicio: 19/07/2016		
Remate: 22/07/2016		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Vista a normativa de aplicación e unha vez analizada a guía docente e a documentación remitida pola propia reclamante (incluíndo o informe dos membros da comisión do departamento encargada de informar sobre a reclamación da cualificación), o 19/07/2016 remito un detallado escrito á reclamante en que lle amoso que non aprecio tachas en cuestións de procedemento nin inadecuación dos criterios de avaliación ao recollido na guía docente da materia, e indícolle que tanto a resolución como os informes que lle foron comunicados polo decano parecen suficientemente motivados. Recomendo á reclamante que, en calquera caso, se considera que dispón de argumentos e evidencias suficientes como para poder sustentar que a cualificación que lle foi outorgada no exame final está claramente por debaixo da que lle correspondería, presente

un recurso de alzada, e comunícolle que, dado que o que se estaría a dirimir coa presentación dese recurso non parece ser unha cuestión de procedemento senón de contido especializado, penso que o recurso só podería prosperar se é quen de argumentar detalladamente que o exame lle foi incorrectamente avaliado, contrariamente ao alegado pola profesora e ao informe da comisión do departamento. Aconséllolle por iso que, en caso de decidirse a presentar o recurso de alzada, solicite copia do seu exame para poder fundamentalo adecuadamente.

A reclamante solicita entrevista e o 22/07/2016 acode coa súa nai á nosa oficina. Tras falar abertamente sobre os diferentes detalles do procedemento, analizando de novo polo miúdo o exposto no escrito que lle remitira á alumna o 19/07/2016, agradecen as explicacións pero seguen a cuestionalo e a considerar que a cualificación que lle correspondería é moi superior á que lle outorgaron e anuncian a presentación dun recurso de alzada.

CASO 642/419 Data 29/07/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	A pesar de que o peche oficial de actas remataba o 22 de xullo, o día 29 seguen sen actualizar as notas dunha materia, manténdose a nota acadada no primeiro cuadrimestre. Isto súmase ao feito de que o día fixado para o exame da oportunidade de xullo (27 de xuño) nin o coordinador desa materia, nin ningún outro profesor do departamento compareceron no exame, o que levou á fixación de dúas datas alternativas para elixir, ambas coincidentes con exames oficiais doutras materias.
Inicio: 29/07/2016		
Remate: 29/07/2016		

Actuacións	Administración e dirección do centro.
Resolución	O propio día 29 de xullo coméntannos desde a administración do centro que as actas foran inicialmente pechadas, pero que tiveran que ser reabertas para proceder a unha modificación puntual, de modo que quedaron pendentes da sinatura dun profesor. A media mañá comprobamos que, tal e como nos anunciaran, se procedeu ao peche definitivo das actas.

Como queira que os dous asuntos denunciados estaban xa resoltos, limitámonos a informar á alumna e a enviarlle un escrito ao director do centro co único fin de solicitarlle que, na medida do posible, se reforcen as medidas de carácter preventivo: "...Comprendo perfectamente que poden darse circunstancias sobrevidas que poden chegar a xerar, involuntariamente, serios problemas para o alumnado, e así llo transmitín verbalmente ao alumno, ao comunicarlle a información recibida. Aínda que a normativa prevea como poñer remedio a todo ese tipo de situacións, unha vez que se producen, en ocasións pode resultar doado reforzar as medidas para tratar de evitar que cheguen a producirse (ex.: que non só dispoña das preguntas do exame o profesor responsable, especialmente cando hai máis profesores que participan na docencia da materia)..."

Curso 2014/2015

CASO 584/361 Data 13/01/2015

Reclamante: PDI	Motivo	A comisión docente do seu centro, con total ausencia de motivación, adoptou o acordo de modificar, de suspenso a aprobado, tres das cualificacións que constan na acta da convocatoria dunha materia, atendendo ás reclamacións dos alumnos en contra dos informes emitidos pola comisión designada polo seu departamento.
Inicio: 20/01/2015		O acordo de denunciar o asunto ante o valedor universitario e solicitar a súa intervención é remitido polo director do
Remate: 28/01/2015		

	departamento en nome da súa comisión permanente.
Actuacións	Dirección do centro.
Resolución	<p>Solicítaselle ao director do centro un detallado informe sobre as motivacións que levaron á comisión docente a modificar as cualificacións dos alumnos a pesar de que o informe da comisión do departamento remataba coa seguinte conclusión final: desestimar as alegacións de todos os alumnos ao considerar que as cualificacións obtidas son acordes coa realización dos exames realizados por cada un deles.</p> <p>O 27/01/2015 o director do centro informa de que se trata dun procedemento administrativo que está pendente de resolución e que foi remitido pola dirección do centro á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para a súa valoración.</p> <p>Comunícaselle ao reclamante que, segundo recolle o artigo 16 do Regulamento do valedor universitario, este non entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun procedemento xudicial ou nun expediente administrativo, polo que non procede nese momento a miña intervención no caso.</p>

CASO 586/363 Data 27/01/2015

Reclamante: Alumno	Motivo	Queixase da impartición, a actitude e os criterios de avaliación aplicados por un profesor nunha materia do 4.º curso do grao, e vincula todo iso cos resultados moi baixos acadados polo alumnado. Solicita ao valedor universitario que estude e tramite a reclamación, e que abra unha investigación ao respecto para comparar os malos resultados académicos acadados na materia sempre que foi impartida por ese profesor.
Inicio: 04/02/2015		
Remate: 04/02/2015		

Actuacións	Normativa.
Resolución	<p>Comunícaselle que a intervención directa do valedor universitario no caso non procede pois non se están a cuestionar actuacións de órganos de goberno ou servizos da UDC con competencias nas diferentes cuestións que formula no seu escrito.</p> <p>Ao apreciar que, <i>a priori</i>, os resultados publicados parecen alarmantemente baixos, informáselle detalladamente das diversas vías recollidas na Normativa académica de cara á posible formulación de reclamacións sobre os diferentes aspectos denunciados no seu escrito ante os órganos pertinentes.</p>

CASO 587/364 Data 06/02/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Non pode asistir ás clases dunha materia por motivos laborais e considera discriminatorio que ao só poder asistir ao exame sexa cualificado sobre 6 puntos e non sobre 10.
Inicio: 11/02/2015		Xunto co escrito de reclamación, a alumna achega copia dunha reclamación que viña de presentar ao respecto ante o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
Remate: 11/02/2015		

Actuacións	Normativa.
Resolución	<p>Informáselle á reclamante de que a súa queixa non pode ser admitida a trámite, tendo en conta que o artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario da UDC recolle que este non entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun procedemento xudicial ou nun expediente administrativo.</p>

CASO 589/366 Data 20/01/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Tras un cambio de materias na súa matrícula alleo á súa vontade, como consecuencia dunha modificación no plan de estudos,
--------------------	--------	---

Inicio: 30/01/2015
Remate: 12/03/2015

solicitou cambio de grupo en dúas materias para evitar coincidencias horarias. O atraso na concesión do cambio de grupo nunha destas materias e a negativa da profesora á recuperación das probas de avaliación continua, levouna a solicitar ao decano que o exame final se lle avaliase polo 100% da cualificación. A Comisión Académico-docente desestimou a súa solicitude por non axustarse aos criterios fixados na guía docente.

Actuacións	Dirección do centro e profesorado encargado da materia.
Resolución	Tras varias xestións levadas a cabo coa intermediación do decano na busca dunha solución, o profesorado da materia remite un detallado informe en que conclúe que, a pesar dos problemas administrativos que tivo a alumna, puido tanto asistir a clases como realizar todas a probas e mesmo puido realizar tres das catro probas no seu propio grupo unha vez aceptado o cambio (2,5 puntos sobre 3), polo que consideran que a súa solicitude non pode ser atendida. Remíteselle o informe á interesada ao tempo que se lle comunica a posibilidade de presentar unha reclamación ante o reitor, pero que, salvo que poida probar que non se lle facilitou o seguimento da materia para paliar os problemas coa matrícula, sería difícil que esta puidese prosperar.

CASO 593/370 Data 14/03/2015

Reclamante: Alumno
Inicio: 14/03/2015
Remate: 30/05/2015

Motivo Cuestiona o modo en que se xestionou unha reclamación súa no centro, cuxa resolución desestimatoria lle foi comunicada o 02/03/2015, e considera que se produciron diversas irregularidades na aplicación das Normas de avaliación, revisión e reclamación dos estudos de grao e mestrado universitario, tanto en cuestións de fondo como de procedemento. A cuestión suscitase en dúas fases: solicitude de informe ao valedor universitario sobre o fondo da cuestión (escrito recibido o 14/03/2015) e presentación de queixa polo modo en que se xestionou a súa reclamación no centro (escrito recibido o 18/03/2015).

O asunto garda relación coas condicións esixidas para poder ser avaliado en tres materias asociadas a un mesmo taller.

Actuacións	Dirección do centro, dirección dos departamentos e profesores responsables das materias.
Resolución	O 25/03/2015 remítese un informe ao interesado en relación coa súa consulta do 14/03/2015. O informe céntrase nunha análise crítica sobre as tres cuestións destacadas polo alumno: I. Sobre a validez das guías docentes das tres materias, en canto ao condicionamento da cualificación de cada unha delas á chegada de todos os traballos e á realización de todos os exames correspondentes a todas elas; II. Sobre o feito de que a guía docente dunha materia non recolla un mecanismo que permita aos alumnos superala na segunda oportunidade se non realizou algunha das achegas ao longo do curso, arrastrando así o "Non presentado" nas dúas oportunidades, tamén nas outras dúas materias asociadas ao Taller; e III. Sobre o feito de que se inclúa tamén nesa mesma materia a cualificación do estudo de casos na nota do taller, cando non é unha actividade do taller e a participación que se lle dá na cualificación na guía docente é do 0%. No informe inclúense as seguintes consideracións en relación con cada punto tratado: <u>Punto I</u> <i>Recoñécese pois a importancia dos profesores das distintas materias asociadas ao taller para proceder á súa cualificación. A Xunta de Avaliación do Taller non está prevista para outorgar unha cualificación concreta ao Taller, máis para analizar os resultados</i>

globais e, en todo caso, dirimir sobre cuestións puntuais de avaliación que, a meu entender, so poderían afectar á avaliación dunha determinada materia na medida en que, independentemente da calidade intrínseca dos traballos realizados nela, estes puideran encaixar axeitadamente ou non no contexto concreto do taller para o que estaban previstos.

A meu entender, a necesidade da achega de toda a documentación de todas as materias que se asocian no taller para poder ser avaliado en cada unha delas só estaría xustificada na medida en que fose imprescindible para poder avaliar axeitadamente os coñecementos propios de cada materia. Porén, se un alumno, tras cumprir coa asistencia requirida, é quen de entregar a documentación completa dunha materia de xeito que se lle poidan avaliar os coñecementos e as competencias adquiridas nela de acordo coas pautas marcadas no taller, non debería esixírselle nada máis, pois debe terse en conta que a avaliación de cada materia ten que centrarse no traballo realizado para cursar os créditos que lle son propios (150 horas de dedicación previstas para un alumno medio no propio cadro da planificación que figura na guía docente para as materias de 6 créditos). Segundo a Memoria do Título, no Taller conflúen un total de 12 créditos, dos que 6 pertencen a ***, 3 a **, e 3 a *. Estes, e non outros, deben ser os créditos do taller que computen na avaliación de cada unha destas materias.

Como cabía esperar, a esixencia da realización de todos os exames correspondentes a unha determinada materia do Taller non figura na memoria do título nin nas guías docentes como un requisito necesario para poder ser avaliado nas demais materias asociadas a el, polo que en modo ningún pode ser requirida.

Punto II

Tanto a literalidade como o espírito da norma deixan, pois, claro que, sempre que sexa posible, se deben recoller nas guías docentes das materias os mecanismos necesarios para poder superar estas na segunda oportunidade. Así, se o que queda por presentar ou completar son traballos que o alumno pode realizar de maneira autónoma, non habería ningunha razón para impedirle facer uso da segunda oportunidade, á que lle dá dereito a súa matrícula, e para o que o ampara a normativa vixente.

Ademais do aquí sinalado, cómpre considerar tamén que na ficha da materia ** que figura na memoria do título recóllese: "A avaliación do estudante nas convocatorias extraordinarias levarase a cabo mediante a realización dun único exame, no que se valorarán os coñecementos teóricos e prácticos". O termo "convocatoria extraordinaria" podería levar a confusión, pero todo parece indicar que debería asimilarse a "2.ª oportunidade", seguindo a interpretación que se desprende claramente do enunciado no apartado 5.1.2 da memoria relativo ao taller: "Os alumnos que non superen na convocatoria ordinaria nin na extraordinaria a materia de Proxectos deberán asistir ao taller do ano seguinte..."

Punto III

A avaliación dentro do Taller de actividades que se realizan fóra del non debería impedir que quen participou e fixo todas as achegas propias do Taller sexa avaliado nas outras materias asociadas por non ter participado ou non ter completado esas actividades.

Unha vez máis, entendo que o único que se pode esixir para avaliar calquera materia asociada ao taller é o feito de que poidan ser avaliados todos os coñecementos e competencias que lle son propias e que o traballo realizado encaixe axeitadamente no contexto do Taller.

Ao entender que determinados aspectos normativos relevantes parecen dar a razón ao interesado e que se trata dun asunto cunha

importante compoñente técnica sobre o que a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías debería pronunciarse, concluímos o informe recomendándolle a presentación dun recurso de alzada.

Con data 27 de marzo de 2015, e para proceder a analizar como foi xestionada a reclamación polo centro, atendendo á queixa que formulou o interesado o 18/03/2015, remito un oficio ao director do centro en que solicito que me informe sobre o procedemento seguido, incluíndo as razóns polas que (segundo o interesado) se tería optado por considerar innecesarios os informes inicialmente solicitados aos departamentos e aos profesores; a documentación utilizada na análise e resolución da reclamación; e calquera outra información ou documentación que, ao seu xuízo, puidese resultar de interese para un total esclarecemento do caso.

O 14 de abril de 2015 o director do centro comunica que a petición inicial de informes aos departamentos e mais aos profesores concernidos foi anulada ao entenderse que “dado que o alumno manifesta no escrito da súa reclamación non terse presentado ao exame final nin entregado a práctica xeral da materia ***, non pode (tal e como se sinala no plan de estudos e mais nas GADUS) ser cualificado na totalidade do taller.” As argumentacións dadas no informe recollen o xa explicitado no escrito de desestimación da reclamación do 02/03/2015. O informe do director acompáñase do expediente completo da reclamación, das guías GADU das tres materias e dunha copia do apartado 5.1.2 “Organización de las Enseñanzas” do plan de estudos, e conclúe: “Lamento que unha reclamación suficientemente contestada no centro chegue ao valedor e que vostede teña que solicitarnos información sobre o simple incumprimento das obrigas académicas do alumno reclamante.”

O 23 de abril de 2015 remito escrito ao director do centro en que tras agradecerlle o seu informe e lamentar o tempo dedicado para dar resposta a unha reclamación que considera suficientemente contestada, coméntolle que:

Desde a óptica dun valedor universitario, resulta normal que un alumno se dirixa a el para clarificar dúbidas de carácter procedemental cando: a) recibe un “Non presentado” como cualificación nas tres materias vinculadas a un taller sen entender ben o porqué; b) non se lle recoñece o dereito a superalas na segunda oportunidade en aplicación dunha guía docente que parece cuestionable neste punto á luz do que se recolle no artigo 18.7 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario; c) observa como o procedemento inicialmente posto en marcha para dar resposta á súa reclamación é finalmente abortado; d) ten indicios de que a adopción dos acordos por parte da Comisión Docente podería estar viciada pola participación activa do profesor responsable dunha das materias; e e) recibe unha resposta que considera excesivamente xenérica e que non entra no fondo das cuestións concretas expostas detalladamente na súa reclamación.

O asunto resulta de suma importancia pois está en xogo unha correcta aplicación do estipulado na memoria do título verificado e das guías docentes das materias. Mesmo poderían estar en cuestión algún dos requisitos que se recollen nas guías docentes, que poderían estar a vincular indebidamente a avaliación das diferentes materias que participan no taller. [Detállanse, a continuación, os principais aspectos que foran obxecto de consideración no informe que eu mesmo lle remitira ao alumno con data 25/03/2015].

Realizadas esas consideracións, o escrito remitido ao director do centro conclúe sinalando que:

Tendo en conta que a resolución da reclamación presentada polo alumno ante a dirección do centro con data 13 de febreiro de 2015

*non resulta moi doada sen o concurso dos expertos (departamentos e profesores responsables das diferentes materias asociadas ao taller), e máis aínda no caso de ter participado nela o profesor responsable dunha das materias (***) e sen que, ao parecer, outros membros da comisión docente coñeceran de antemán o asunto para tratar, todo parece indicar que esta reclamación puido terse tratado con maiores garantías xurídicas para o interesado.*

Dado que a queixa que me presentou o alumno se refire ao procedemento utilizado na resolución da súa reclamación, e co fin de poder ofrecerlle unha resposta o máis completa posible, comunicolle que procederei a solicitar informes das actuacións levadas a cabo polos departamentos e os profesores responsables da impartición das materias vinculadas ao taller e, no seu caso, escritos xerados por eles de resultados da súa solicitude inicial de informes do 19/02/2015, cuxa anulación lles foi comunicada con data 02/03/2015.

O propio día 23 de abril remito os correspondentes oficios aos directores dos dous departamentos e aos profesores responsables das tres materias en cuestión.

Ao ser informado, por un dos destinatarios, de que o alumno presentara un recurso de alzada o 1 de abril de 2015 no que o asunto do procedemento aparecía como unha cuestión nuclear para a súa resolución, o 30 de abril de 2015 comunicolle a todas as partes que poño fin á miña intervención no caso en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario.

O 24 de setembro de 2015 recibo un novo escrito do alumno, comentándome que o recurso de alzada fora resolto o 16 de xuño recoñecendo as graves irregularidades observadas no proceso, declarando nula de pleno dereito a resolución que fora ditada polo director do centro, e ordenando a retroacción do procedemento á fase da instrución en que se produciu o vicio. Quéixase porque a pesar do tempo transcorrido o asunto segue sen resolverse, o que lle está a causar serios prexuízos morais e materiais, pois tivo que presentarse aos exames de xullo sen saber a que aterse e tendo que presentar unha segunda reclamación ás cualificacións desa oportunidade, e está a cursar estudos no estranxeiro como alumno de mobilidade sen saber se haberá materias que non se axustarían á matrícula final unha vez resolto o seu caso.

O 28/09/2015 remito un oficio ao director do centro en que lle solicito: a) Que, a ser posible, a comisión docente do centro adopte, sen máis demora, o acordo que considere máis axustado a dereito, e b) Que de demorarse máis aló dunha semana a decisión da comisión docente, me notifiquen todos os pasos dados polos diferentes axentes implicados na resolución do caso (órganos de goberno, comisións e profesores), con indicación das irregularidades nas que, no seu caso, puideran ter incorrido.

O 30/09/2015 recibo do director do centro un informe en que detalla o cronograma dos pasos dados, tanto na primeira como na segunda parte do expediente, e me notifica que o 29/09/2015 se reuniu a comisión docente do centro para resolver as reclamacións presentadas polo alumno e que as resolucións lle serán comunicadas coa maior brevidade posible.

Tras agradecer ao director do centro a dilixencia en dar cumprida e detallada resposta ao meu oficio de 28 de setembro, o 01/10/2015 envío o seu informe ao interesado, quen o 6 de outubro de 2015 me remite un último correo para comunicarme que aínda non recibira a resolución. Notifícolle ao alumno que, cumprindo co artigo 32 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, o prazo máximo fixado para a notificación da resolución é de cinco días desde a data da súa aprobación, polo que o escrito debería chegarlle ao enderezo de notificación nesa semana.

CASO 594/371 Data 17/04/2015

Reclamante: Alumno	Motivo	Tras solicitar unha copia dun exame e verificar que a suma de puntuacións era errónea, reclama a corrección da cualificación por un feito claramente obxectivo. A pesar de que o profesor argumenta que foi un erro de anotación e non de avaliación, considera que non é tal e solicita “a intervención do valedor universitario, en función das competencias que ten atribuídas”.
Inicio: 05/05/2015		
Remate: 12/05/2015		
	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
	Resolución	<p>Á vista de que o interesado non estaba a cuestionar a actuación de ningún órgano de goberno ou servizo da universidade, de que non se concretaba o alcance da pretensión formulada e o pedimento dirixido ao valedor universitario, e tras comprobar que o interesado presentara un recurso de alzada sobre os mesmos feitos e coa mesma exposición de motivos, comunícaselle a non aceptación a trámite da reclamación de acordo cos artigos 1, 15.2 e 16.3 (sobre o que xa o informara noutras ocasións) do Regulamento do valedor universitario.</p> <p>O 07/05/2015 recibo un novo escrito do alumno en que, tras manifestar as súas discrepancias coa inadmisión a trámite do seu caso, solicita “que se estude o caso de acordo coas funcións que ten atribuídas o valedor de facer valer os dereitos da comunidade universitaria”.</p> <p>O 12/05/2015 remito un novo escrito ao alumno para reiterarlle a súa inadmisión a trámite tras abundar na explicación dalgúns conceptos básicos que parecía descoñecer: concepto de órgano de goberno, significado de exposición de motivos idéntica (palabra por palabra), concepto de procedemento administrativo e aclaración de que solicitar “a intervención do valedor universitario, en función das competencias que ten atribuídas” non é concretar con suficiente clareza o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixe ao valedor universitario.</p>

CASO 605/382 Data 15/07/2015

Reclamante: Rep. de estudantes	Motivo	Solicita para unhas alumnas que non se lles puntúe un dos tres problemas do exame dunha materia no caso de resposta incorrecta ou de non tela respondido, ao considerar que para resolver ese problema requiríranse coñecementos doutras materias que non tiñan por que ter.
Inicio: 15/07/2015		
Remate: 15/07/2015		
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	<p>Infórmaselle de que salvo situacións excepcionais que o xustifiquen, as queixas ou reclamacións que se presenten ante o valedor universitario deben estar precedidas por unha actuación ou pronunciamento previo dalgún órgano de goberno ou servizo da universidade, considerado por quen reclama (ou os seus representados) como indebido ou inxusto.</p> <p>Comunícaselle que o asunto debería ser resolto en primeira instancia polo centro, de acordo co procedemento establecido no capítulo VII (Reclamacións) das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, e que unha vez que a comisión docente ou académica do centro se pronuncie e o decano comunique a resolución ás persoas interesadas é cando resultaría normalmente procedente presentar unha queixa motivada ante o valedor universitario ou recorrer directamente ante o reitor, de estimarse inxusta a resolución.</p> <p>O decano coméntame que xa se estaban a ocupar do asunto no centro, ao teren recibido unha solicitude dirixida ao reitor, o que poño en coñecemento do interesado, ao tempo que lle agradezo a súa colaboración.</p>

CASO 607/384 Data 06/08/2015

Reclamante: PDI	Motivo	Considera inxusto o ditame da comisión nomeada polo departamento e o acordo adoptado pola comisión académica do centro ao estimar a reclamación dunha alumna e subirlle a cualificación.
Inicio: 07/08/2015		
Remate: 29/09/2015		Comenta algunhas outras cuestións do pasado que considera poden sumarse como indicios de que no seu centro se lle poidan chegar a poñer obstáculos á súa carreira profesional ou á continuidade no próximo plan de estudos dunha materia que está a impartir no plan actual.
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Tras unha ampla entrevista coa profesora, quedo en falar co decano do seu centro para trasladarlle as preocupacións polo menoscabo do seu prestixio como docente e pola continuidade da materia que imparte en vindeiros plans de estudo. Tras conversar co decano, remíttolle un correo á interesada, con copia ao decano, no cal, tras anunciarlle que lle trasladara as devanditas preocupacións, indícolle: <i>O decano coméntame que o problema está na aplicación de criterios que non están recollidos na guía docente e que tal e como xa lle ten comentado, debe recoller convenientemente nela os criterios de avaliación que vai aplicar.</i> <i>Con respecto á continuidade ou non da materia *** en vindeiros plans de estudo, o decano coméntame que non é un asunto que se estea a tratar nestes momentos, e que, chegado o caso, será o departamento o que faga as oportunas propostas.</i> <i>O decano maniféstame que no seu centro non aprecia nin consente que se dea un trato discriminatoria a ningún docente.</i> Remato o correo expresando a miña confianza en que todo se desenvolverá nun clima de normalidade, primando os criterios racionais e normativos sobre calquera outro criterio.

Curso 2013/2014**CASO 538/315** Data 23/01/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Quéixase de que non consegue aprobar unha materia dun mestrado, o cal achaca a un desencontro que tivo hai tempo coa profesora. Pide a intervención do valedor, ao tempo que afirma que nin sequera pensa ir á revisión do exame.
Inicio: 24/01/2014		
Remate: 24/02/2014	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Comunicáselle que neste intre non se dan as circunstancias que posibilitarían a admisión a trámite da súa queixa e que primeiro tería que seguir os pasos que están recollidos nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións de estudos de grao e mestrado universitario aprobadas polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, comezando por acudir á revisión do exame na data fixada e recorrendo logo ante o decanato, de non seguir conforme coa cualificación. Notifícaselle, igualmente, que, de seren certas as súas acusacións, o asunto sería grave, polo que de persistir nesa convicción, unha vez dados os pasos regulamentarios oportunos, pode poñerse de novo en contacto coa nosa oficina para interesarnos polo caso.

CASO 542/319 Data 21/02/2014

Reclamante: De oficio	Motivo	O 24 de xuño de 2011, o valedor universitario emite un extenso informe en que se detallan as anomalías derivadas da impartición de dúas materias dunha titulación do plan antigo como unha soa (caso de ref. 411/188). O informe, baseado nunha rigorosa análise
Inicio: 21/02/2014		

do caso, remitiuse aos reclamantes, ao profesor responsable das materias, ao director do departamento, ao director do centro e á, daquela, vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións. A pesar das recomendacións de adaptación flexible á norma, que parecía ían ser asumidas polos profesores, o 23 de xaneiro de 2014 mantéño unha reunión de consulta cun alumno que dicía ter pendentes só as dúas materias para poder presentar o proxecto de fin de carreira e que desexaba pedir o aprobado por compensación. O alumno comenta que esas materias sempre foran avaliadas conxuntamente como unha, polo que lle resultaba imposible obter o aprobado por compensación de non seren consideradas tamén como unha para eses efectos.

Tras algunhas pescudas que apuntaban no sentido manifestado polo alumno, decido actuar de oficio en defensa dos dereitos dos estudantes que se atopan nesas circunstancias, e indícolle ao alumno que, de non obter un compromiso dunha solución satisfactoria antes de rematar o prazo de solicitude do aprobado por compensación, sería conveniente que presentase no centro unha solicitude formal de avaliación por compensación para as dúas materias.

Actuacións	Dirección do centro, dirección do departamento, profesorado das materias e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
Resolución	<p>Nun primeiro momento, e sempre cun ánimo conciliador, optei por solicitar do director do centro unha solución directa para todo o alumnado afectado, facéndoo partícipe do informe que emitira en xuño de 2011, e comunicándolle que se non se arbitraban os mecanismos que fixeran posible o aprobado por compensación nesas circunstancias, procedería a actuar de oficio en defensa do alumnado. O director coméntame que contactará cos profesores para buscar unha solución ao asunto. A piques de rematar o prazo para a solicitude do aprobado por compensación, contacto de novo co director para interesarme polo resultado das súas conversas e para comentarlle que contactei co vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para pedirlle que, de ser preciso, se habilitase unha ampliación do prazo para a solicitude do aprobado por compensación.</p> <p>O 29 de xaneiro, o director transmíteme por vía telefónica que os profesores aceptaban solucionar o asunto aos interesados e que, a través da web do centro, serían convocados para buscarlles unha solución.</p> <p>Transcorridas dúas semanas sen que se producise a anunciada convocatoria, falo de novo co director, quen manifesta sentirse estrañado e indica que falará de novo cos profesores, pois quedaran en convocar ao alumnado e cumprir co acordado.</p> <p>O 18 de febreiro, o director anúnciame que vén de falar cun dos profesores da materia e que este lle transmite agora que en realidade as materias foran avaliadas por separado, pois aínda que se facía un único exame había preguntas diferenciadas para cada materia.</p> <p>O propio 18 de febreiro, e dado que a reunión do Tribunal de Compensación estaba prevista para o día 21, fago novas pescudas e remito o seguinte correo ao director do centro: "Segundo me informan outras fontes distintas de quen ten formulada a solicitude do aprobado por compensación, ata o día de hoxe, a avaliación das dúas materias cuatrimestrais seguiu a producirse como antes de que eu advertira da ilegalidade do procedemento e instase a solucionalo no meu informe de 24 de xuño de 2011... De consideraren os profesores que se axustaron á legalidade no que se refire á avaliación diferenciada por materias tras a recepción do meu informe, deberían achegar suficientes elementos probatorios, contando coa colaboración da Administración do centro: calendario oficial de exames cos horarios diferenciados para as dúas materias, publicación de actas separadas para as dúas</p>

materias, actas con notas diferenciadas nas dúas materias (salvo as poucas coincidencias que estatisticamente cabe agardar). En caso contrario, considero absolutamente urxente que se proceda a facer chegar a todo o alumnado potencialmente interesado (...) a posibilidade de que opten (libremente e sen coaccións) polo aprobado por compensación, utilizando para iso as vías que se estime oportuno.”

O 21 de febreiro, o director do centro remíteme un correo en que me anuncia que os profesores das materias citadas están a reunir a documentación solicitada para enviarmas canto antes.

Estes son, de maneira resumida, os pasos dados pola miña parte ata que, vistos os resultados do que podería ser cualificado como un intento de burla á figura do Valedor Universitario, transcorridos dous meses desde o primeiro contacto co director e 21 días desde este último correo, o 14 de marzo decido solicitar formalmente a documentación anunciada aos profesores e aos órganos competentes.

Os resultados deixan meridianamente claro que as dúas materias seguiran a ser tratadas coma unha (mesmas cualificacións, actas asinadas na mesma data dentro do prazo oficial de peche de actas fixado para as materias do segundo cuadrimestre...). Todo isto queda recollido nun amplo informe que remito aos profesores, ao director do centro, ao director do departamento e ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías o 11 de abril de 2014. Este informe, no que mesmo se detalla o elevado número de alumnos que, a piques de remataren os seus estudos, tiñan pendente de aprobar as dúas materias en cuestión, remata coa seguinte solicitude:

*Solicito aos órganos competentes que adopten as medidas oportunas para corrixir esta situación de agravio e indefensión que está a sufrir o alumnado que cursa estudos de *** polo plan vello. Para iso suxiro dúas alternativas, que pasarían por posibilitar que quen, a día de hoxe, teña superado todas as materias do plan de estudos agás o PFC e as dúas materias en cuestión, poida solicitar xa o aprobado por compensación:*

a) Unha solución interna en que o propio centro e os profesores deberían colaborar, aceptando (tamén para o aprobado por compensación) un tratamento das dúas materias como unha única materia, e buscando unha solución para reflectilo convenientemente nas actas.

*b) A aprobación, en Consello de Goberno, dunha excepción temporal (vixente mentres non se extinga definitivamente o vello plan de estudos de ***) á norma que regula o aprobado por compensación. A excepción permitiría optar ao aprobado por compensación con dúas materias, cando na práctica foran tratadas como unha soa. [Convén ter presente que o aprobado por compensación pode regularse para máis dunha materia e que, no caso que nos ocupa, se está a falar de dúas materias de 4,5 créditos cada unha, o que representa so un 2% dos 444 créditos que compoñen o plan de estudos]*

De se percibir falla de colaboración polos profesores ou polos órganos de goberno responsables de que, por acción ou por omisión, se chegara a esta situación, recomendo que se abra un procedemento que leve, de ser o caso, a depurar as responsabilidades de cadaquén.

Nun sucinto escrito dirixido o 23 de abril de 2014 ao Valedor da UDC, os profesores manifestan expresamente a súa preferencia pola opción “a)”, o cal, como valedor universitario, comunico ao vicerreitor e ao director do centro.

A Resolución reitoral do 16 de maio de 2014, adoptada diante do recurso presentado polo alumno (ao que, entre tanto, se lle rexeitara no centro a súa solicitude de aprobado por compensación), toma en consideración o informe do valedor

CASO 551/328 Data 01/04/2014

Reclamante: Grupo de alumnas/os	Motivo	Solicitan que se lles incorpore ás actas a cualificación que lles fora outorgada polo docente da materia.
Inicio: 04/04/2014		Reciben un escrito do secretario do centro en que certifica un acordo adoptado pola comisión docente polo que se anula o exame da materia para o grupo ao que pertencen (grupo B) e se solicita ao departamento a realización dun novo exame.
Remate: 15/04/2014		Argumentan as razóns polas que consideran que se lles debería mudar a cualificación de “Non presentado”, que figura no seu expediente, pola cualificación que lles fora outorgada polo profesor do seu grupo.
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	<p>Visto o escrito de queixa, quedo co alumnado en darlle resposta por medio dun informe, unha vez analizada a normativa de aplicación e vistos os fundamentos que se recolleran no informe da Secretaría Xeral e outros posibles informes non mencionados na notificación do acordo da comisión docente.</p> <p>Logo de ver as solicitudes das/os reclamantes, a documentación remitida pola dirección do centro (escrito do director do departamento, que contén informe do profesor coordinador da materia sobre o exame; escrito do profesor coordinador reclamando as cualificacións ao profesor do grupo B; escrito do profesor coordinador en relación ás actas; informe do secretario xeral; resolución reitoral de suspensión provisoria do profesor que impartira docencia no grupo B; resolución da comisión docente do centro e a súa comunicación ao departamento), e tras analizar a normativa de aplicación, realízase un informe que se remite o día 15 de abril de 2014 ás persoas reclamantes, ao director do centro e ao director do departamento, e cuxa análise e recomendacións se reproducen a continuación:</p> <p><i>Análise do caso</i></p> <p>1) <i>Tendo en conta que a disposición final das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (aprobadas o 19/12/2013) recolle que estas “entrarán en vigor no curso académico 2013/2014, ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno, agás o que corresponda á adaptación das guías docentes ao previsto nesta normativa”, para os efectos de valorar o que debería figurar na guía docente da materia, cumpriría considerar o que se recolle na anterior Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións (aprobada o 02/06/2006). En calquera caso, aínda que non dun xeito tan explícito como nas actuais normas –que aluden a “metodoloxías de avaliación”–, na anterior normativa recollíase xa que as guías docentes debían considerar como mínimo as “características, tipo de avaliación que se vai realizar e os criterios requiridos para esta avaliación” (art. 3).</i></p> <p>2) <i>O artigo 14.2. das actuais normas recolle que “Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, logo de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro”. O coordinador da materia teríase limitado a comentar o asunto co profesor responsable do grupo B, o profesor ***, e ante a resposta deste proseguíuse coa realización do exame.</i></p> <p><i>Cando un profesor responsable dunha materia considera que se está a incumprir coa norma debería advertir aos estudantes de que de proseguir no empeño tería que proceder á súa expulsión e á redacción da correspondente acta. Ao non terse feito deste xeito e</i></p>

*cumprir os estudantes co que lles transmitira o seu propio profesor, dificilmente poderían estes pensar que o seu exame ía ser invalidado. A propia petición das notas do grupo B ao profesor *** para incorporalas ás actas antes do seu peche oficial parece un claro indicio de que na intención inicial do coordinador non estaba a invalidación do exame.*

Aínda que normalmente o descoñecemento da norma non exime do seu cumprimento, dadas as circunstancias e tendo en conta a recente aprobación das novas normas académicas, non parece procedente facer recaer sobre os propios estudantes ningún tipo de responsabilidades.

*3) Ao se presentaren reclamacións sobre as distintas condicións en que se realizara o exame segundo o grupo, os órganos de goberno víronse abocados a analizar a procedencia ou non da súa anulación. A decisión da comisión docente materializouse, finalmente, nun acordo de anulación para o alumnado do grupo B, que foi notificado ao director do departamento de *** o 31 de marzo de 2014.*

Ao non figurar na guía docente da materia a realización de exames co uso de ordenadores, ao terse que respectar que os criterios, as actividades, probas e metodoloxía de avaliación teñen que ser coincidentes para os diferentes grupos dunha mesma materia, e ao ter que garantirse o principio de igualdade para superar a avaliación, a anulación do exame realizado por quen non cumpría coa normativa parece procedente.

4) Mais o principio de igualdade debe tamén rexer para os alumnos do grupo B con respecto a todos os demais, polo que, na miña opinión, cómpre ter en conta dous aspectos relevantes de cara á repetición do exame:

*a) Se algún estudante do grupo B non fixo uso de ordenador portátil nin de ningún outro soporte electrónico durante a realización do seu exame, debe respectárselle a cualificación numérica que lle fora outorgada polo profesor *** e aprobar a materia se a súa cualificación final foi igual ou superior a 5,0. De darse o caso, estes estudantes mesmo terían realizado o exame en condicións de inferioridade con respecto aos seus compañeiros dos grupos A e C, ao non ter participado o seu profesor na proposta de exame.*

b) A mesma preocupación polo agravio comparativo que amosaron algúns estudantes dos grupos A e C debería presidir agora a realización do novo exame, tendo en conta as diferenzas que poderían derivarse dunha desigual impartición de contidos e uso de metodoloxías durante a aprendizaxe da materia. Así, debe terse especial coidado en aplicar aos alumnos do grupo B unha avaliación sobre o que a eles realmente se lles impartiu durante o 1.º cuadrimestre, evitando que se vexan abocados agora a preparar nova materia en pleno 2.º cuadrimestre; o novo exame debería posibilitar que, cos coñecementos xa adquiridos, obtiveran unhas cualificacións semellantes ás acadadas polos estudantes dos grupos A e C no exame do 23 de xaneiro.

*Ademais dos inconvenientes de ter que acudir a un novo exame, non parecería procedente facer recaer agora sobre os alumnos do grupo B ningún tipo de carga adicional alegando supostas responsabilidades como discentes, especialmente cando as diversas e importantes irregularidades nas que puido incorrer o profesor *** ao longo destes últimos cursos eran sobradamente coñecidas polos órganos de goberno que sustentaron a anulación da proba.*

Recomendacións

*Con base en todas as consideracións recollidas neste informe, recoméndase aos órganos de dirección do Departamento de *** e do centro *** que velen porque o novo exame que se realizará en próximas datas aos estudantes do grupo B en substitución do*

efectuado o pasado 23 de xaneiro, permita acadar por parte destes uns resultados semellantes aos obtidos polos seus compañeiros dos grupos A e C, sen necesidade de ningún complemento de formación.

CASO 555/332 Data 10/04/2014

Reclamante: Alumna	Motivo	Nunha materia dun plan en extinción prodúcese un número moi elevado de suspensos convocatoria tras convocatoria. Tanto nos exames como nas revisións a situación que sofren os alumnos con comentarios de desprezo por parte do persoal docente é moi inxusta. Considera endogámico o procedemento que se segue cando se presenta reclamación contra una cualificación.
Inicio: 10/04/2014		
Remate: 21/05/2014		
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Tras remitirle un correo para lle aclarar diversas cuestións de procedemento, e pedirle que concrete información para poder remitir a queixa ao director do centro, conversamos amplamente sobre o particular na propia oficina do valedor. Informo da preocupación desta e doutros estudantes ao director do centro, ante a dificultade que manifestan para superar a materia, xunto coa reflexión de que, a vulgar polo que me comentan, os resultados poderían estar a afastarse moito dos referentes que se recollen no artigo 38 das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado aprobadas polo Consello de Goberno o 19 de decembro de 2013. Esta circunstancia leva á dirección do centro a solicitar da Subdirección de Calidade os resultados obtidos nesa materia nos tres últimos cursos. Por curso, o número de aprobados en relación cos matriculados oscila entre o 30 e o 51% e o número de aprobados en relación cos presentados varía entre o 46 e o 70%, polo que o director considera que non existe unha problemática específica nesa materia de forma obxectiva e que, por tanto, non se debe adoptar ningunha medida en particular. Infórmase á interesada.

Curso 2012/2013

CASO 506/ 283 Data 14/03/2013

Reclamante: Dous alumnos	Motivo	Presentáronse a un exame, na convocatoria de decembro, en que se producen unha serie de irregularidades e incumprimentos da normativa por parte do profesor da materia. Tras presentaren reclamacións ante os órganos universitarios competentes e transcorrido un tempo que estaría a superar os prazos fixados para a súa resolución, solicitan a intervención do valedor universitario na procura dunha solución urxente e xusta a un caso que consideran que está a causarlles importantes prexuízos.
Inicio: 18/03/2013		
Remate: 09/07/2013		
	Actuacións	Dirección do centro, reitor e Servizo de Organización Académica.
	Resolución	Solicítase información ao director do centro sobre os motivos da tardanza e pídeselle a máxima urxencia na resolución do caso. Ao cabo dunha semana recíbense os acordos da Comisión Docente sobre a materia en cuestión e outra materia máis impartida polo mesmo profesor. Por diversos motivos, os acordos non conclúen coa resolución dos casos, e como parte deles, a dirección do centro remite informes ao reitor e ao valedor universitario, acompañados dunha ampla documentación (actuacións practicadas, informes remitidos previamente a outros órganos de goberno, informes do departamento e outra documentación). Da análise da documentación pónense de manifesto unha serie de feitos que estarían a afectar gravemente o normal desenvolvemento dos

procesos de avaliación das dúas materias. Co ánimo de contribuír a unha rápida e xusta solución, o valedor universitario remite un informe ao reitor centrado na análise das diferentes casuísticas que estarían a afectar ao alumnado e recomendando para este a adopción dunha solución en positivo que encaixe co parecer da Comisión Docente do centro. O valedor salienta igualmente que urxe poñer freo a ese tipo de situacións que tan negativamente están a afectar ao alumnado.

Transcorridos dous meses, o valedor interésase de novo pola resolución do caso, que remata en xullo cunha resolución reitoral e as correspondentes instrucións da Secretaría Xeral ao centro.

CASO 508/285 Data 03/04/2013

Reclamante: Alumno Motivo Tras suspender unha materia na convocatoria de setembro de 2012, acode á revisión do exame e recoñéceselle un aprobado. A pesar diso, aparece nas actas cun suspenso e o profesor explícalle que non puido cambiar as cualificacións ao ter bloqueadas as actas por problemas co centro. O profesor recoméndalle que se matricule de novo e que lle garda a nota para a convocatoria de decembro. Nesa mesma situación comenta que se atopan outros compañeiros e que, aínda que na convocatoria de decembro o profesor publicou no taboleiro as cualificacións de setembro, estas non chegaron a incorporarse aos expedientes. Solicita que se recolla a cualificación de aprobado no seu expediente.

Inicio: 03/04/2013

Remate: 08/04/2013

Actuacións	Dirección do centro e reitor.
Resolución	Tras analizar o caso e conversar co alumno na Oficina do Valedor, recoméndaselle presentar unha reclamación ante o reitor, ao tempo que se lle informa de que o seu caso aparecerá recollido nun informe que o propio valedor remitirá ao reitor (coincide co do expediente 506/283).

CASO 527/304 Data 23/08/2013

Reclamante: Alumna Motivo Nun primeiro momento a alumna comunica un atraso na resolución dunha reclamación que presentara a primeiros de agosto. Tras recibir o acordo da comisión docente do centro, que desestima a súa reclamación, considéraa inxusta e carente de todo tipo de información en relación coa súa detallada demanda. Solicita a intervención do valedor universitario para clarificar o asunto, tendo en conta de que considera que se lle esixían coñecementos que non foran impartidos e que o profesor a estaba a xulgar con criterios persoais e subxectivos e a dispensarlle un trato desigual e discriminatorio.

Inicio: 27/08/2013

Remate: 23/10/2013

Actuacións	Dirección do centro.
Resolución	Tras comentarlle á interesada a imposibilidade real de solucionar reclamacións dese tipo en pleno mes de agosto, dado que na súa resolución están implicadas comisións e que os seus integrantes se atopan oficialmente de vacacións, na segunda semana de setembro o valedor contacta coa decana para interesarse polas súas previsións de datas. O acordo, por unanimidade, da Comisión de Docencia e Validacións, do 25 de setembro de 2013, é posto pola alumna en coñecemento do valedor o 7 de outubro, ao tempo que lle solicita a súa intervención. Con anterioridade, a alumna tiña xa interposto un recurso de alzada en relación con outra materia en que participaba o mesmo profesor. Con data 10 de outubro de 2013, o valedor decide pedir á decana copia de toda a documentación que garde relación co caso: informes, actas e calquera outra información -directa ou indirectamente relacionada- que considere oportuno.

Analizada a documentación recibida (escrito de solicitude da alumna, informe da comisión do departamento e acordo da Comisión de Docencia e Validacións), o valedor entende que o informe da comisión do departamento parece máis ben un informe de parte pois semella sustentarse en información proporcionada polo profesor, sen entrar en ningún momento nas verdadeiras cuestións de fondo que constitúen a base da reclamación (avaliación de acordo cos contidos impartidos e garantías de equidade). O valedor considera tamén que cando alguén, coma no caso desta alumna, se considera inxustamente tratado, explica detalladamente as súas razóns e se manifesta disposto a someterse a calquera tipo de verificación (cotexo do impartido, comparación con outros exames) merece, cando menos, o beneficio da dúbida e unha axeitada comprobación do correcto ou do errado das súas afirmacións. Estas e algunhas outras consideracións son a base dun escrito que o valedor universitario remite á decana o 23 de outubro de 2013, e que remata sinalando: "...aconsello á reclamante a presentación dun recurso de alzada, na confianza de que, chegado o momento, se terán en conta estas suxestións."

Curso 2011/2012

CASO 439/216 Data 26/09/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Revisión da cualificación nunha materia, mantida pola comisión académica do centro.
Inicio: 27/09/2011	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 03/11/2011	Resolución	Infórmase ao alumno de que o seu proceso de reclamación non estaba aínda pechado e que debía esperar a que rematase. Tras resolver a comisión de docencia e ao non estar de acordo coa resolución, o alumno solicita novamente que se analice a súa reclamación. Visto o informe e analizada a completa documentación remitida polo centro non se aprecia ningunha anomalía.

CASO 443/220 Data 07/09/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Revisión e corrección de cualificacións nunha materia. O alumno presentara dúas reclamacións, unha ante o reitor e outra ante o director do centro.
Inicio: 08/10/2011	Actuacións	Servizo de Organización Académica e administración do centro.
Remate: 26/10/2011	Resolución	Infórmase ao alumno de que a reclamación que presentara ante o reitor está resolta e que a resolución lle fora remitida ao seu domicilio, mais foi devolta polo servizo de correos tras deixarlle o correspondente aviso para retirar o envío e sen que este fora recollido. Notifícase tamén que a reclamación presentada a primeiros de xullo ante o director do centro estaba a tramitarse e á espera de recibir resposta por parte do departamento.

CASO 452/229 Data 11/11/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	A reclamante di merecer aprobar unha materia cuxa cualificación da convocatoria ordinaria recorrera sen éxito ante a dirección do centro e mais en recurso de alzada. A hipotética rectificación dunha puntuación parcial, que considera inxusta, podería permitirle acadar o aprobado na convocatoria de setembro.
Inicio: 22/11/2011		Con data 20 de decembro presenta unha nova solicitude de amparo sobre a mesma materia, ao considerar que o exame da convocatoria de decembro non se adapta ao recollido na guía
Remate: 29/02/2012		

	docente e que a puntuación outorgada non é correcta.
Actuacións	Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.
Resolución	Logo de ver a documentación da primeira reclamación, comunícaselle á interesada que ambas as resolucións parecen plenamente fundadas e sen tacha de legalidade ningunha. Ao analizar a segunda reclamación, atendendo ao manifestado verbalmente pola alumna, e vista a guía docente da materia, aconséllaselle presentar un recurso ante a dirección do centro, dado que na guía docente da materia non se fan explícitos os criterios de avaliación que se van empregar nas convocatorias extraordinarias e a interesada non podía facilmente prever que se ían empregar criterios de avaliación distintos nas dúas convocatorias extraordinarias. O 29 de febreiro de 2012 publícase unha resolución favorable á interesada por acordo da comisión de docencia do centro, copia da cal é enviada ao valedor universitario.

CASO 461/238 Data 18/01/2012

Reclamante: Alumnas/os	Motivo	O exame da convocatoria de decembro dunha materia non se axustou á docencia impartida, xa que das seis preguntas formuladas, só unha se corresponde cos contidos que lle foron impartidos ao grupo no curso precedente.
Inicio: 20/01/2012		
Remate: 29/05/2012		Con anterioridade á realización do exame as persoas reclamantes remitiran un escrito á dirección do departamento e á dirección do centro en que pedían ser examinadas na convocatoria de decembro dos contidos que lles foran impartidos ao seu grupo, posto que a materia fora impartida desde dous puntos de vista moi distintos polo profesor encargado de poñer o exame na convocatoria de decembro e polos profesores que lles deran clase.
	Actuacións	Dirección do departamento, dirección do centro, Secretaría Xeral e Servizo de Organización Académica.
	Resolución	Analizada a queixa, aconséllase e asesórase as/aos reclamantes de cara á presentación dunha reclamación ante a dirección do centro para solicitar a realización dun novo exame, dado que, de efectivamente se produciren os feitos denunciados, podería terse incumplido coa norma, e especialmente co artigo 17 da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións, que recolle explicitamente: "O estudiantado ten dereito a ser avaliado con garantías de equidade e de xustiza e mais de acordo co programa que se impartiu". Tras unha consulta técnica á Reitoría acordada pola comisión docente do centro, e a intervención do valedor universitario polo grande atraso que se estaba a producir na resolución dos feitos denunciados, o 28 de maio de 2012 a comisión docente resolveu favorablemente a reclamación e solicitoulle ao departamento a realización dun novo exame da materia acorde coa programación, metodoloxía e criterios de avaliación seguidos no grupo a que pertencían as persoas reclamantes.

CASO 465/242 Data 17/02/2012

Reclamante: Colectivo de alumnos	Motivo	Incumplimento sistemático da normativa por parte dun profesor que adoita publicar as notas finais unha ou dúas semanas despois do peche de actas e non custodia os exames, senón que llelos entrega aos alumnos unha vez corrixidos e estes pódenos levar para as súas casas.
Inicio: 22/02/2012		
Remate: 23/05/2012		Solicitud dun informe ao valedor sobre as resolucións xa emitidas.
	Actuacións	Dirección do departamento, dirección do centro, representante do alumnado nos órganos de goberno, Xunta de PDI e Vicerreitoría de Títulos e Novas Tecnoloxías.

Resolución

Dado que unha parte do asunto fora xa obxecto de reclamación pola vía administrativa, o valedor universitario limitase a asesorar o alumnado sobre todos os aspectos que o rodean, coa vista posta no día despois e, especialmente, sobre como proceder ante as demandas do profesor na procura de recuperar os exames que lles foran entregados.

Unha vez que se produce a resolución e como esta non responde ás expectativas do alumnado, xa que non se procede á revisión dos seus exames por outros profesores, xérase unha serie de protestas que mesmo teñen eco na prensa local. O valedor universitario remite un escrito ao director do departamento, ao director do centro e ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para informalos do contido das informacións por el transmitidas ao alumnado e solicitar a colaboración de todos para levar a bo termo o proceso, tras salientar que: “A normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións da UDC establece un procedemento que pretende garantir axeitadamente a revisión dos exames en caso de reclamación. Dentro da norma, para min as máximas garantías conseguiríanse cunha nova avaliación dos exames por profesores expertos ou con amplos coñecementos na materia. Esta é a principal demanda dos alumnos e, por considerala xusta, penso que tamén será vista con bos ollos polo propio profesor e polos diferentes órganos inmersos no proceso”

Con data de 28 de marzo de 2012, o secretario da Xunta de Persoal Docente e Investigador remítelles ao valedor universitario e ás autoridades académicas precitadas un escrito cos acordos do pleno da Xunta de PDI en que amparan o profesor e interpretan que o valedor universitario estaría a actuar fóra da norma. Ese mesmo día, o valedor universitario dirixe un conciso escrito ao presidente da Xunta de PDI (con copia ás devanditas autoridades) para que llo transmita ao pleno. Nel, e tras diversas consideracións sobre as funcións que competen ao valedor universitario e o seu marco de actuación, remata lembrando que: “No exercicio das súas funcións, o valedor universitario non está sometido a mandato imperativo de ningún tipo, nin recibe instrucións de ningunha autoridade académica nin órgano de goberno unipersoal ou colexiado.”

Tras unha segunda reclamación por parte do alumnado, centrada xa nos exames e unha vez transcorrido o prazo de revisión ante o profesor, e como queira que se resolvera sen se proceder á revisión do seu contido por parte da comisión nomeada polo departamento, o 18 de maio de 2012 un colectivo de alumnos presenta un escrito na Oficina do Valedor Universitario en que solicita axuda para clarexar as circunstancias en que se resolveron as dúas reclamacións presentadas, así como o punto de vista do valedor sobre as resolucións xa emitidas. Logo de analizar toda a documentación dos procesos ao respecto, envíase un detallado informe en que, entre as diversas consideracións expresadas polo valedor sobre cada unha das reclamacións, cómpre destacar polo seu carácter conclusivo o seguinte parágrafo: “Na miña opinión, por unha mera cuestión de forma que mesmo non tiveron ocasión de emendar (de entenderse que iso fora preciso para clarificar a súa solicitude), non se debe en modo ningún deixar os estudantes sen a posibilidade de exercer os dereitos que regulamentariamente lle son recoñecidos, máxime cando, en condicións normais, unha revisión de exames por expertos non debería repercutir negativamente sobre ninguén sexa cal for o seu resultado. Por riba, no caso que nos ocupa o profesor di dedicar un considerable tempo á corrección de exames para facelo de xeito rigoroso, polo que aínda entendendo e respectando o pleno dereito que ten a alegar todo aquilo que considere oportuno, non alcanzo a comprender o porqué da súa oposición frontal á revisión dos exames no contexto das reclamacións que se formularon, e

CASO 469/246 Data 05/03/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Revisión da cualificación dunha materia. A pesar da resolución emitida pola comisión académica do centro, o alumno segue a considerar que non se cumpriron os criterios de avaliación que figuran na guía docente e que non se corrixiron obxectivamente nin o traballo nin os exames. Solicita a revisión de documentación para ver se estaría xustificada unha eventual reclamación ante o reitor.
Inicio: 09/03/2012		
Remate: 04/04/2012		
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Remítese un detallado informe ao interesado en que se conclúe que da análise da completa documentación acumulada ao longo do procedemento non se aprecia fundamento ningún que sustente unha reclamación ante o reitor. Notifícaselle, así mesmo, que, en calquera caso, a decisión de recorrer ou non ante o reitor compételle a el, e que de quedarlle a menor dúbida sobre a súa cualificación e o procedemento que a sustenta, pode consultar toda a documentación na Oficina do Valedor Universitario ou na dirección do centro, á cal se lle envía unha copia do informe.

CASO 479/256 Data 15/06/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Tras requirir a realización dun traballo transversal para todas as materias do primeiro cuadrimestre, prodúcese un suspenso xeneralizado de todo o grupo de alumnos debido á entrega con atraso do traballo. O “castigo”, que afectaría tamén moi considerablemente ás avaliacións da oportunidade de xullo, considérase excesivo e carente totalmente de fundamento académico nas guías docentes.
Inicio: 15/06/2012		Pídese que para a avaliación da segunda oportunidade se teñan en conta tanto o traballo transversal como as demais entregas parciais efectuadas durante o curso e as finais que non lle deixaran entregar, así como que se apliquen as mesmas porcentaxes que na primeira avaliación.
Remate: 01/08/2012		
	Actuacións	Dirección do centro e profesorado coordinador das materias.
	Resolución	Tras solicitar á dirección do centro que sondara a opinión do profesorado co ánimo de buscar unha solución en positivo para a avaliación de xullo, e visto que este non se manifesta disposto a reconsiderar a situación, solicítanse alegacións e documentación do profesorado responsable das diferentes materias. A partir da análise do contido da queixa, das alegacións do profesorado e da documentación correspondente, elabórase un informe de valoración individualizado para cada profesor, con diferentes matices en función do maior ou menor rigor das guías docentes e da maior ou menor adaptación aos criterios nelas consignados. Sexa como for, os ditos informes conclúense coas seguintes observacións comúns: <i>A sanción que lles foi imposta aos alumnos por non entregaren a tempo a súa parte do traballo parece excesiva polas súas serias repercusións sobre os resultados de todo o curso académico. Cando se quere ser estrito coas normas, e séndoo as repercusións poden ter un alcance considerable, os profesores deberíamos tamén extremar o celo no ditado desas normas, cumprir axeitadamente coas nosas obrigas como docentes e someter á aprobación polo departamento as guías docentes de materias de grao nas que os criterios de avaliación resulten axeitados e proporcionados, e aparezan claramente recollidos para as dúas oportunidades da convocatoria.</i> <i>Nunha materia de grao, a formulación de permitir a mellora dos</i>

traballos realizados durante o curso de cara á súa consideración na segunda oportunidade é algo consubstancial co propio sistema de aprendizaxe e co feito de que as dúas oportunidades forman parte dunha única convocatoria anual.

Remítese copia dos informes aos directores dos departamentos e ao director do centro.

Remítese un pequeno informe, a modo de resumo, ao reclamante.

Curso 2010/2011

CASO 391/168 Data 17/09/2010

Reclamante: Alumno	Motivo	Suspense nunha materia mantido pola comisión académica do centro.
Inicio: 17/09/2010	Actuacións	Dirección do centro e dirección do departamento.
Remate: 21/09/2010	Resolución	Infórmase ao reclamante dos motivos do mantemento da cualificación e de que pode falar sobre o particular co director do departamento.

CASO 393/170 Data 03/09/2010

Reclamante: Alumna	Motivo	Suspense nunha materia mantido pola comisión de docencia e validacións do centro e pendente de resolución de recurso de alzada.
Inicio: 16/09/2010	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
Remate: 27/09/2010	Resolución	Infórmase á reclamante sobre o estado do seu expediente.

CASO 413/190 Data 18/05/2011

Reclamante: Dous alumnos	Motivo	Variación dos criterios prefixados para a avaliación dunha materia nunha licenciatura.
Inicio: 19/05/2011	Actuacións	Profesora responsable, dirección do centro, Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións e Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías.
Remate: 07/06/2011	Resolución	Un cambio de profesor levou ao cambio de criterios, que non foron sometidos á aprobación do consello de departamento mais que foron feitos públicos verbalmente na aula e a través da plataforma Moodle ao comezo do curso. Ao non seren denunciados os novos criterios antes de que a súa aplicación resultase negativa para os reclamantes e co fin de evitar agravios comparativos, infórmase de que nese intre xa non parece procedente acceder á súa petición, aínda que unha interpretación estrita da norma, sen máis consideracións, podería darlles a razón. Dado que a raíz desta reclamación se aprecian importantes carencias nun número considerable de guías docentes de diversas titulacións, remíteselle unha suxestión de alerta á Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, para que se extreme o celo nos vindeiros cursos.

CASO 414/191 Data 23/05/2011

Reclamante: Dous profesores	Motivo	Non lle permiten presentarse a un exame teórico único para avaliar a materia na convocatoria de xuño por non ter superadas as prácticas.
Inicio: 25/05/2011	Actuacións	Profesor responsable e dirección do centro.
Remate: 31/07/2011	Resolución	Infórmase aos reclamantes de que o criterio aplicado polo profesor é o que figura na guía docente e que semella un criterio lóxico dado que se trata dunha materia cun elevado contido práctico.

CASO 416/193 Data 30/05/2011

Reclamante: Dous PDI	Motivo	Resolución da comisión académica do centro en que modifica a cualificación outorgada a unha alumna, en contra do seu criterio como profesores e do informe da comisión interdepartamental. A alumna presentara unha reclamación ante o director do centro sen acudir previamente á revisión das probas, nas cales acadara unha moi baixa cualificación que mesmo non chegou a cuestionar na súa reclamación.
Inicio: 30/05/2011		
Remate: 27/07/2011		
	Actuacións	Dirección do centro, Asesoría Xurídica e Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións. Ampla documentación.
	Resolución	Emítase un detallado informe en que se inclúen numerosos correos electrónicos remitidos entre os profesores e a alumna, quen solicita insistentemente criterios especiais de avaliación por imposibilidade de desprazarse á Coruña mesmo para a realización dos exames, e nos que alega motivos de traballo e de residencia a varios centos de quilómetros desta cidade, o que, segundo a súa versión, lle fora aceptado pola dirección do centro cando acudiu a matricularse. Tras recoller no informe a consideración de que os profesores, como membros da propia administración que está obrigada a resolver, carecen de lexitimidade para interpoñer recurso contra a decisión adoptada polo órgano colexiado competente, conclúese: "A aplicación, pola Comisión de Docencia, dun novo criterio de avaliación, tras suspender a alumna coa aplicación dun procedemento de avaliación que fora aceptado por ela, a singularidade dese novo criterio (superación do 75% da materia) no sistema de avaliación ao uso na UDC, a obtención dunha nota inferior a 5 se tras a aplicación dese criterio procedémosos a traducilo en cifras, e a consideración pola Comisión de Docencia dun informe en que o expresado polo informante excede das súas competencias, deberían ser considerados como motivos fundados para considerar improcedente a resolución favorable adoptada pola Comisión de Docencia..." O informe remata coa solicitude aos órganos competentes de que adopten as medidas que consideren oportunas. Remítese aos reclamantes, á alumna, ao director do centro, á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións e ao reitor.

CASO 418/195 Data 09/06/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Criterios e proceso de avaliación dunha materia non axeitados ou incorrectos, e número de suspensos moi elevado.
Inicio: 10/06/2011	Actuacións	Profesor.
Remate: 13/06/2011	Resolución	A denuncia dos feitos prodúcese antes da data de revisión do exame. Comunicáselle ao reclamante a resposta do profesor sobre as cuestións formuladas e que os criterios de avaliación aplicados son os que figuran na guía docente da materia. Infórmaselle, así mesmo, do procedemento de reclamación que cómpre seguir se, tras acudir á revisión do exame, segue a considerar que hai motivos fundados para continuar coa reclamación.

CASO 420/197 Data 22/06/2011

Reclamante: Rep. de alumnos	Motivo	Os criterios de corrección non se adecúan aos explicitados na guía docente da materia.
Inicio: 23/06/2011	Actuacións	Administración e dirección do departamento.
Remate: 24/06/2011	Resolución	Desde a administración do departamento comunícase que o asunto fora xa presentado polo alumno ante a Dirección do departamento, desde onde se informara ao coordinador da

materia, e que fora resolto favorablemente para os alumnos. Desde a Dirección do departamento remítesenos o escrito do coordinador da materia, quen admite o erro, explica con claridade o motivo deste e indica que xa se procedera á revisión das cualificacións dos alumnos afectados pola situación aplicándolles estritamente os criterios contidos na guía docente.

CASO 425/202 Data 01/07/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	O traballo práctico desenvolvido ao longo de todo o curso non se ve reflectido na nota final da materia, que conta unicamente a nota de teoría. Contravéñense os artigos 25 e 27 da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións. As cualificacións son moi baixas e practicamente son todo cincos salvo algún seis. Só se publican as notas das persoas aprobadas.
Inicio: 05/07/2011		
Remate: 09/09/2011		
	Actuacións	Profesor responsable e dirección do departamento.
	Resolución	<p>No seu escrito de alegacións o profesor comeza por dicir que a reclamación é en todo incerta.</p> <p>Nun detallado informe inclúense, entre outros, os seguintes comentarios fundados na análise do caso:</p> <ul style="list-style-type: none">- <i>Na guía docente oficial da materia non se recolle ningún criterio de avaliación.</i>- <i>...cada profesor debería ser quen de concretar e publicar de acordo coa normativa vixente uns criterios que permitisen avaliar a aprendizaxe do estudante neses determinados coñecementos, procurando, na medida do posible, que a subxectividade na avaliación fiquen relegada ao mínimo. Cada criterio parcial debería ser cuantificado como unha determinada porcentaxe da nota final. A propia valoración global dun proxecto podería considerarse como un criterio adicional de avaliación e facer tamén constar a súa correspondente porcentaxe da nota final.</i>- <i>Non está no meu ánimo trasladar directamente a idea de que a falla formal de criterios concretos por escrito implique que non se teñan aplicado na avaliación da materia que nos ocupa, mais tamén debo sinalar que a uniformidade nas notas provisionais dos estudantes aprobados non axuda a persuadirse do contrario.</i>- <i>Non entro a valorar a porcentaxe de alumnos/as que superaron a materia. Cada alumno debe obter a título individual a nota que realmente se merece, e asístelle o dereito a reclamar se considera que a súa cualificación non se axusta ao esperado. Cada profesor ten un determinado nivel de esixencia e o fundamental é que o seu nivel de esixencia vaia parello co da ensinanza da materia e que os criterios empregados na cualificación sexan claros e se apliquen por igual a todos os alumnos.</i> <p>Tras estas e outras consideracións achéganse as seguintes recomendacións:</p> <p><i>Para os vindeiros cursos, e cumprindo axeitadamente coa normativa en vigor na UDC, os profesores de... deben atender ás seguintes recomendacións:</i></p> <ul style="list-style-type: none">- <i>Someter á aprobación polo departamento dunha guía docente completa, en que queden claramente reflectidos os criterios de avaliación para a materia.</i>- <i>Publicar as notas de prácticas e as notas do exame teórico por separado.</i>- <i>Publicar as notas de prácticas, como mínimo, sete días antes da realización do exame final.</i>- <i>Publicar as notas de todos os alumnos, e non só as dos aprobados.</i> <p><i>No ámbito das súas competencias, o departamento e o centro deben estremar o celo e velar polo estrito cumprimento das normas.</i></p> <p>Infórmase ao reclamante, ao profesor responsable da materia, ao</p>

director do departamento, ao director do centro, á vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías e á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións.

CASO 430/207 Data 14/07/2011

Reclamante: Dous alumnos	Motivo	Aparecen cun “0” na cualificación dunha materia ao considerar que copiaron algunha pregunta, cousa que negan. Tampouco se lles permitiría aprobar a materia na convocatoria de setembro.
Inicio: 14/07/2011	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 04/08/2011	Resolución	Os alumnos deciden presentar unha reclamación ante o director do centro. Coincidimos coa opinión do director do centro na ilegalidade de facer extensible o suspenso a outra convocatoria, polo que, para evitar malentendidos, os profesores da materia remítenlles aos alumnos reclamantes unha nota aclaratoria nese sentido. A revisión dos exames será realizada pola correspondente comisión.

CASO 431/208 Data 30/06/2011

Reclamante: Dous alumnos	Motivo	Manifesto desacordo coa cualificación outorgada nunha materia, tras proceder á revisión do exame. Consideración de que xa se lle corrixira indebidamente na anterior convocatoria, o que lle viñía impedindo rematar a carreira e lle ocasionaba graves prexuízos de carácter académico e económico.
Inicio: 01/07/2011	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 29/09/2011	Resolución	Recoméndaselle ao alumno que presente a oportuna reclamación perante a Dirección do centro, con copia ao Valedor. Unha vez presentada (con data 18 de xullo) interesámonos polo caso desde o seu inicio. Transcorridos dous meses e medio resólvese favorablemente para o reclamante.
